**SESIÓN ORDINARIA DO EXCELENTÍSIMO CONCELLO PLENO DE DATA ONCE DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO**

No Salón de Sesións da Casa do Concello da cidade da Coruña, a 11 de xaneiro de 2024. Baixo a presidencia da **Excma. Sra. Alcaldesa, dona Inés Rey García,** e coa asistencia dos edís:

**GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR (PP)**

D. Miguel Lorenzo Torres
D. Roberto Rodríguez Martínez
D.ª Rosalía López Sánchez
D.ª Judit Fontela Baró
D.ª Susana Catalán Morcillo
D. Gonzalo Mora do Campo
D. Carlos San Claudio Yáñez
D.ª Carmen María No Varela
D. Roberto García Fernández
D. Antonio Deus Álvarez
D. Roberto Luis Coira Andrade
D. Jose Ramón Amado de la Fuente

**GRUPO MUNICIPAL DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE (PSdeG-PSOE)**

D. José Manuel Lage Tuñas
D.ª Eudoxia María Neira Fernández
D. Gonzalo Henrique Castro Prado
Dª. Nereida María Canosa Domínguez
D. Francisco Dinís Díaz Gallego
D.ª Noemí Díaz Vázquez
D. Manuel José Vázquez Martínez
D.ª Diana María Sobral Cabanas
D. Juan Ignacio Borrego Vázquez
D.ª Montserrat Paz Romero

**GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**

D. Francisco Xesús Jorquera Caselas

***SESIÓN ORDINARIA DEL EXCELENTÍSIMO AYUNTAMIENTO PLENO DE FECHA ONCE DE ENERO DE DOS MIL VEINTICUATRO***

*En el Salón de Sesiones de las Casas Consistoriales de la ciudad de A Coruña, a 11 de enero de 2024. Bajo la presidencia de la **Excma. Sra. Alcaldesa, doña Inés Rey García,** y con la asistencia de los ediles:*

***GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO POPULAR (PP)***

*D. Miguel Lorenzo Torres*
*D. Roberto Rodríguez Martínez*
*D.ª Rosalía López Sánchez*
*D.ª Judit Fontela Baró*
*D.ª Susana Catalán Morcillo*
*D. Gonzalo Mora do Campo*
*D. Carlos San Claudio Yáñez*
*D.ª Carmen María No Varela*
*D. Roberto García Fernández*
*D. Antonio Deus Álvarez*
*D. Roberto Luis Coira Andrade*
*D. Jose Ramón Amado de la Fuente*

***GRUPO MUNICIPAL DE LOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE (PSdeG-PSOE)***

*D. José Manuel Lage Tuñas*
*D.ª Eudoxia María Neira Fernández*
*D. Gonzalo Henrique Castro Prado*
*Dª. Nereida María Canosa Domínguez*
*D. Francisco Dinís Díaz Gallego*
*D.ª Noemí Díaz Vázquez*
*D. Manuel José Vázquez Martínez*
*D.ª Diana María Sobral Cabanas*
*D. Juan Ignacio Borrego Vázquez*
*D.ª Montserrat Paz Romero*

***GRUPO MUNICIPAL DEL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)***

*D. Francisco Xesús Jorquera Caselas*

D.ª Avia Veira González
D.ª María Mercedes Queixas Zas
D. David José Soto Díaz

*D.ª Avia Veira González*
*D.ª María Mercedes Queixas Zas*
*D. David José Soto Díaz*

reúnese, previa convocatoria regulamentariamente circulada, o Excelentísimo Concello Pleno, co obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

*se reúne, previa convocatoria reglamentariamente circulada, el Excelentísimo Ayuntamiento Pleno, al objeto de celebrar sesión ordinaria en primera convocatoria.*

Dá fe do acto o infraescrito **secretario xeral do Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, e atópase ademais presente o **interventor xeral, don Ángel David Murado Codesal.**

*Da fe del acto el infrascrito **secretario general del Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, hallándose además presente el **interventor general, don Ángel David Murado Codesal.***

Ás dez horas e sete minutos, a Presidencia declara aberta a sesión e pásase a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

*A las diez horas y siete minutos, la Presidencia declara abierta la sesión y se pasa a tratar los siguientes asuntos incluidos en el orden del día.*

**Intervencións**

***Intervenciones***

**Presidencia**

***Presidencia***

Moi bo día a todos e a todas. Saudamos ós membros da Corporación, señor secretario, señor interventor, persoal municipal que nos acompaña, tamén ós xornalistas acreditados nesta sesión e a aqueles que nos seguen a través do *streaming.*

*Muy buenos días a todos y a todas. Saludamos a los miembros de la Corporación, señor secretario, señor interventor, personal municipal que nos acompaña, también a los periodistas acreditados en esta sesión y a aquellos que nos siguen en directo.*

Comezamos este pleno ordinario correspondente ó mes de xaneiro do ano 2024. Parte Resolutiva, señor secretario.

*Comenzamos este pleno ordinario correspondiente al mes de enero del año 2024. Parte Resolutiva, señor secretario.*

**I – PARTE RESOLUTIVA**

***I – PARTE RESOLUTIVA***

**ASUNTO 1**

***ASUNTO 1***

**Comunicacións da Alcaldía**

***Comunicaciones de la Alcaldía***

**1. Comunicado da Alcaldía sobre a violencia de xénero.**

***1. Comunicado de la Alcaldía sobre la violencia de género.***

**Presidencia**

***Presidencia***

Nas comunicacións da Alcaldía, como saben, o 14 de setembro de 2015 onde se

*En las comunicaciones de la Alcaldía, como saben, el asunto número uno viene*

acordou por unanimidade iniciar cada pleno ordinario gardando tantos minutos de silencio como persoas fosen asasinadas polo machismo desde o anterior pleno.

*referido a la moción aprobada el pasado 14 de septiembre de 2015 donde se acordó por unanimidad iniciar cada pleno ordinario guardando tantos minutos de silencio como personas fueran asesinadas por el machismo desde el anterior pleno.*

Damos conta das cifras, as asasinadas por violencia de xénero en España ascende a 56 no pasado ano 2023 e a 1.238 desde o 1 de xaneiro de 2003. O número de menores asasinados é de 2 no ano 2023 e a 50 desde o 1 de xaneiro do ano 2013, quedando 431 menores orfos desde 2013, 55 no pasado ano.

*Damos cuenta de las cifras, las mujeres asesinadas por violencia de género en España asciende a 56 en el pasado año 2023 y a 1.238 desde el 1 de enero de 2003. El número de menores asesinados es de 2 en el año 2023 y a 50 desde el 1 de enero del año 2013, quedando 431 menores huérfanos desde 2013, 55 en el pasado año.*

Dende o Pleno do 14 de decembro ata este pleno confirmouse o asasinato dunha muller de nome e apelidos non coñecidos o 29 de decembro en Barcelona, tiña 38 anos.

*Desde el Pleno de 14 de diciembre hasta este pleno se confirmó el asesinato de una mujer de nombre y apellidos no conocidos el 29 de diciembre en Barcelona, tenía 38 años.*

Solicito a todos os membros da Corporación que se poñan en pé para gardar un minuto de silencio.

*Solicito a todos los miembros de la Corporación que se pongan en pie para guardar un minuto de silencio.*

**(Gárdase un minuto de silencio).**

***(Se guarda un minuto de silencio).***

**XX. Aprobación de acta.**

***XX. Aprobación de acta.***

**Aprobación do borrador da acta da sesión plenaria ordinaria do 9 de novembro de 2023.**

***Aprobación del borrador del acta de la sesión plenaria ordinaria de 9 de noviembre de 2023***

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

Nas Comunicacións da Alcaldía tamén se atopa a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria de 9 de novembro de 2023 á que non constan alegacións e polo tanto dáse xa por aprobada.

*En las Comunicaciones de la Alcaldía también se encuentra la aprobación del borrador del acta de la sesión ordinaria de 9 de noviembre de 2023 a la que no constan alegaciones y por lo tanto se da ya por aprobada.*

Parte non resolutiva, Control e seguimento da xestión, señor secretario.

*Parte no resolutiva, Control y seguimiento de la gestión, señor secretario.*

**II. PARTE NON RESOLUTIVA.**

***II. PARTE NO RESOLUTIVA.***

**CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN:**

**3. Ter coñecemento:**

1º. Das resolucións da Xunta de Goberno Local, desde a vinte e catro mil setecentos dez (24.710), do once de decembro de dous mil vinte e tres, á número cento corenta e cinco (145), do cinco de xaneiro de dous mil vinte e catro.

2º. Dos decretos da Alcaldía, desde o número oito mil catrocentos tres (8.403), do once de decembro de dous mil vinte e tres, ó número cincuenta e oito (58), do cinco de xaneiro de dous mil vinte e catro.

**Señor Secretario**

A continuación, mocións, rogos e preguntas.

**2º Mocións.**

**MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO**

**Primeira. Moción sobre o cumprimento da Ordenanza municipal reguladora do uso da lingua galega no Concello da Coruña.**

**Presidencia**

Ben, iniciamos o debate das mocións. Comezamos polo Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego. A primeira delas sobre o cumprimento da Ordenanza municipal reguladora do uso da lingua galega no Concello da Coruña.

Ten a palabra a señora Queixas.

**Señora Queixas Zas**

***CONTROL Y SEGUIMIENTO DE LA GESTIÓN:***

***3. Tomar conocimiento:***

*1º. De las resoluciones de la Xunta de Gobierno Local, desde la veinticuatro mil setecientos diez (24.710), de once de diciembre de dos mil veintitrés, a la número ciento cuarenta y cinco (145), de cinco de enero de dos mil veinticuatro.*

*2º. De los decretos de la Alcaldía, desde el número ocho mil cuatrocientos tres (8.403), de once de diciembre de dos mil veintitrés, al número cincuenta y ocho (58), de cinco de enero de dos mil veinticuatro.*

***Señor Secretario***

*A continuación, mociones, ruegos y preguntas.*

***2º Mociones.***

***MOCIONES PRESENTADAS POR EL GRUPO MUNICIPAL DEL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO***

***Primera. Moción sobre el cumplimiento de la Ordenanza municipal reguladora del uso de la lengua gallega en el Ayuntamiento de A Coruña.***

***Presidencia***

*Bien, iniciamos el debate de las mociones. Comenzamos por el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego. La primera de ellas sobre el cumplimiento de la Ordenanza municipal reguladora del uso de la lengua gallega en el Ayuntamiento de A Coruña.*

*Tiene la palabra a señora Queixas.*

***Señora Queixas Zas***

Moi bo día en nome do Grupo municipal do BNG a tódolos compañeiros e compañeiras da Corporación, ó funcionariado do Concello, ós xornalistas que seguen esta sesión plenaria e tamén, por suposto, a todos os veciños e veciñas que nos seguen por *streaming.*

*Muy buenos días en nombre del Grupo municipal del BNG a todos los compañeros y compañeras de la Corporación, al funcionariado del Ayuntamiento, a los periodistas que siguen esta sesión plenaria y también, por supuesto, a todos los vecinos y vecinas que nos siguen en directo.*

O pasado 3 de xuño do ano 2021 foi aprobada en sesión plenaria ordinaria a Ordenanza municipal reguladora do uso da lingua galega no Concello da Coruña coñecida como Ordenanza de normalización. Esta aprobación poñía punto e final a unha débeda pendente de 40 anos que convertía A Coruña na última cidade galega en contar con esta norma específica de uso do galego, a nosa lingua propia e oficial.

*El pasado 3 de junio del año 2021 fue aprobada en sesión plenaria ordinaria la Ordenanza municipal reguladora del uso de la lengua gallega en el Ayuntamiento de A Coruña conocida como Ordenanza de normalización. Esta aprobación ponía punto y final a una deuda pendiente de 40 años que convertía A Coruña en la última ciudad gallega en contar con esta norma específica de uso del gallego, nuestra lengua propia y oficial.*

A Ordenanza de normalización conta con dous instrumentos chaves dos que dous anos e medio despois da súa aprobación non temos aínda noticias de ningún avance: o consello local da lingua e o plan de normalización. O consello local da lingua debería xa estar creado no mandato anterior e ter sido renovado neste para adaptar á composición municipal actual, porén ata agora non houbo contactos coas forzas políticas para avanzar nesta creación. O consello local ten unha importancia central xa que é a ferramenta que avalía o cumprimento da Ordenanza e axuda a mellorala para avanzar. Sen esta ferramenta a Ordenanza deixa de ter sentido.

*La Ordenanza de normalización conta con dos instrumentos llaves de los que dos años y medio después de su aprobación no tenemos aún noticias de ningún avance: el consejo local de la lengua y el plan de normalización. El consejo local de la lengua debería ya estar creado en el mandato anterior y haber sido renovado en este para adaptarse a la composición municipal actual, sin embargo hasta ahora no hubo contactos con las fuerzas políticas para avanzar en esta creación. El consejo local tiene una importancia central ya que es la herramienta que evalúa el cumplimiento de la Ordenanza y ayuda a mejorarla para avanzar. Sin esta herramienta la Ordenanza deja de tener sentido.*

Estamos a comezos de 2024 e cunha ollada rápida a veciñanza coruñesa pode detectar numerosos incumprimentos. O artigo 2.2 desta ordenanza estabelece que é de aplicación, non só na Administración do propio Concello, senón tamén en entes asociados, padroados, organismos autónomos, fundacións, centros de formación, museos, arquivos, bibliotecas

*Estamos a comienzos de 2024 y con un vistazo rápido el vecindario coruñés puede detectar numerosos incumplimientos. El artículo 2.2 de esta ordenanza establece que es de aplicación, no solo en la Administración del propio Ayuntamiento, sino también en entes asociados, patronatos, organismos autónomos, fundaciones, centros de formación, museos, archivos, bibliotecas*

municipais, escolas infantís municipais, adxudicatarias, empresas concesionarias, etcétera. No entanto, por poñer algún exemplo, a concesionaria de BiciCoruña ou a Compañía de Tranvías incumpren esta norma, así como tamén a incumpre a cartelería informativa de piscinas municipais, como a de San Diego, ou mesmo a cafetaría da Cidade Deportiva da Torre, que ten toda a súa cartelería en castelán, ou mesmo en diferentes idiomas excluíndo o galego.

Cunha chamada telefónica a calquera servizo municipal do Concello da Coruña aínda se pode comprobar o incumprimento do artigo 3.1 a respecto da oferta positiva do galego, como tamén se incumpre o artigo 17.b) que estabelece que nos procesos selectivos se inclúa o coñecemento da lexislación aplicábel ó uso do galego no Concello. Varias publicacións subvencionadas polo Concello da Coruña durante estes dous últimos anos incumpriron o artigo 6.3 e mesmo hai webs albergadas no propio portal municipal que aínda carecen de versión en galego.

Actuacións sinaléticas recentes, por exemplo na contorna da praza de Santo Agostiño ou en Alcalde Marchesi, unicamente en castelán, son contrarias ó artigo 13 da Ordenanza.

Somos ben conscientes de que nos últimos anos si que se avanzou en moitos dos aspectos que recolle esta ordenanza, mais tamén é evidente —poderíamos poñer moitos máis exemplos— que os incumprimentos aínda están aí. Mal exemplo dá á veciñanza un goberno municipal que non desenvolve e aplica —polo tanto, incumpre— as súas propias normas.

Urxe, pois, o regulamento e a creación do consello local da lingua, como tamén nos urxe o plan de normalización

*municipales, escuelas infantiles municipales, adjudicatarias, empresas concesionarias, etcétera. No obstante, por poner algún ejemplo, la concesionaria de BiciCoruña o la Compañía de Tranvías incumplen esta norma, así como también la incumple la cartelería informativa de piscinas municipales, como la de San Diego, o la cafetería de la Ciudad Deportiva de la Torre, que tiene toda su cartelería en castellano, o mismo en diferentes idiomas excluyendo el gallego.*

*Con una llamada telefónica a cualquier servicio municipal del Ayuntamiento de A Coruña aun se puede comprobar el incumplimiento del artículo 3.1 respecto a la oferta positiva del gallego, como también se incumple el artículo 17.b) que establece que en los procesos selectivos se incluya el conocimiento de la legislación aplicable al uso del gallego en el Ayuntamiento. Varias publicaciones subvencionadas por el Ayuntamiento de A Coruña durante estos dos últimos años incumplieron el artículo 6.3 e incluso hay webs albergadas en el propio portal municipal que aún carecen de versión en gallego.*

*Actuaciones señaléticas recientes, por ejemplo en el entorno de la plaza de Santo Agostiño o en Alcalde Marchesi, únicamente en castellano, son contrarias al artículo 13 de la Ordenanza.*

*Somos bien conscientes de que en los últimos años sí que se avanzó en muchos de los aspectos que recoge esta ordenanza, pero también es evidente —podríamos poner muchos más ejemplos— que los incumplimientos aún están ahí. Mal ejemplo da al vecindario un gobierno municipal que no desarrolla y aplica —por lo tanto, incumple— sus propias normas.*

*Urge, pues, el reglamento y la creación del consejo local de la lengua, como también nos urge el plan de normalización*

lingüística que plasme o compromiso do Concello da Coruña coa normalización lingüística, que é a igualdade para o galego, o obxectivo xeral da acción da normalización, os obxectivos específicos, os eixes estratéxicos, as áreas de traballo e os programas para desenvolver en cada unha destas áreas. Sen planificación non hai acción social satisfactoria, só hai un conxunto de accións illadas. Sen infancia e mocidade que sinta, viva e fale en galego, o galego non ten futuro.

Resulta difícil de comprender como é posíbel que máis de dous anos e medio despois o Goberno local aínda non teña avanzado na elaboración dun plan de normalización lingüística nin na creación do consello local da lingua. Durante os seis primeiros meses de mandato, o Goberno local xa debera ter avanzado nesta demanda para dar cumprimento ó acordo de investidura da alcaldesa subscrito co BNG. Non sabemos que escusas nos van dar para explicar isto, mais nada pode xustificar agora continuar na inacción ó estar comprometido no acordo de orzamentos para 2024.

É por isto que o Grupo municipal do BNG solicitamos o voto favorábel ós acordos desta moción: impulsar o plan de normalización lingüística; crear o consello local da lingua; e comprometerse a cumprir ámbolos dous acordos no primeiro semestre de 2024. Sen dúbida sería esta a mellor homenaxe que lle podemos facer á compañeira, veciña, escritora, Luísa Villalta, que este ano será recoñecida co Día das Letras Galegas.

Moitas grazas.

**Presidencia**

Moitas gracias, señora Queixas.

*lingüística que plasme el compromiso del Ayuntamiento de A Coruña con la normalización lingüística, que es la igualdad para el gallego, el objetivo general de la acción de la normalización, los objetivos específicos, los ejes estratégicos, las áreas de trabajo y los programas para desarrollar en cada una de estas áreas. Sin planificación no hay acción social satisfactoria, solo hay un conjunto de acciones aisladas. Sin infancia y juventud que sienta, viva y hable en gallego, el gallego no tiene futuro.*

*Resulta difícil de comprender cómo es posible que más de dos años y medio después el Gobierno local aun no haya avanzado en la elaboración de un plan de normalización lingüística ni en la creación del consejo local de la lengua. Durante los seis primeros meses de mandato, el Gobierno local ya habría debido haber avanzado en esta demanda para dar cumplimiento al acuerdo de investidura de la alcaldesa suscrito con el BNG. No sabemos qué excusas nos van a dar para explicar esto, pero nada puede justificar ahora continuar en la inacción al estar comprometido en el acuerdo de presupuestos para 2024.*

*Es por esto que el Grupo municipal del BNG solicitamos el voto favorable a los acuerdos de esta moción: impulsar el plan de normalización lingüística; crear el consejo local de la lengua; y comprometerse a cumplir ambos acuerdos en el primer semestre de 2024. Sin duda sería este el mejor homenaje que le podemos hacer a la compañera, vecina, escritora, Luísa Villalta, que este año será reconocida con el Día de las Letras Gallegas.*

*Muchas gracias.*

***Presidencia***

*Muchas gracias, señora Queixas.*

Turno para o Partido Popular. Señor San Claudio.

**Señor San Claudio Yáñez**

Moi bo día a todos e a todas.

Empezamos este pleno, o primeiro pleno do ano, co inaudito, que este goberno municipal non inclúe no orde do día nin un só asunto de goberno para esta cidade. Quen o diría que aprobado os orzamentos fai 15 días este goberno municipal non ten nin unha materia de orde de goberno para incluír neste pleno. Reitero que é absolutamente inaudito.

Pero tamén é inaudito en palabras da señora Queixas. Dicía vostede: resulta difícil de comprender como é posible que o Goberno municipal non estea a desenvolver o Plan de normalización lingüística. Sabe que resulta máis difícil de comprender, señora Queixas? Que vostedes fai 15 días dixeron un si rotundo ós orzamentos do Partido Socialista e hoxe veñen aquí a poñerse un disfraz de oposición. Eso todavía é máis difícil de comprender cando vostedes son os cooperadores necesarios da política orzamentaria do Partido Socialista. Son vostedes o nacionalismo que máis barato lle sae ó Partido Socialista.

Cando dixeron que ían rebaixar as peaxes da AP-9, non só non se rebaixaron, é que as subiron, meteron ós galegos a segunda maior subida da historia nas peaxes. Esa é a defensa que fai o nacionalismo galego do Bloque á hora de participar nas políticas orzamentarias do PSOE.

Agora ben, traen unha exixencia respecto á normalización lingüística. Sabe que modelo de normalización lingüística defenden vostedes, señora

*Turno para el Partido Popular. Señor San Claudio.*

***Señor San Claudio Yáñez***

*Muy buenos días a todos y a todas.*

*Empezamos este pleno, el primer pleno del año, con el inaudito, que este gobierno municipal no incluye en el orden del día ni un solo asunto de gobierno para esta ciudad. Quién lo diría que aprobado los presupuestos hace 15 días este gobierno municipal no tiene ni una materia de orden de gobierno para incluir en este pleno. Reitero que es absolutamente inaudito.*

*Pero también es inaudito en palabras de la señora Queixas. Decía usted: resulta difícil de comprender cómo es posible que el Gobierno municipal no esté desarrollando el Plan de normalización lingüística ¿Sabe qué resulta más difícil de comprender, señora Queixas? Que ustedes hace 15 días dijeron un sí rotundo a los presupuestos del Partido Socialista y hoy vienen aquí a ponerse un disfraz de oposición. Eso todavía es más difícil de comprender cuando ustedes son los cooperadores necesarios de la política presupuestaria del Partido Socialista. Son ustedes el nacionalismo que más barato le sale al Partido Socialista.*

*Cuando dijeron que iban a rebajar los peajes de la AP-9, no solo no se rebajaron, es que las subieron, metieron a los gallegos la segunda mayor subida de la historia en los peajes. Esa es la defensa que hace el nacionalismo gallego del Bloque a la hora de participar en las políticas presupuestarias del PSOE.*

*Ahora bien, traen una exigencia respecto a la normalización lingüística ¿Sabe que modelo de normalización lingüística defienden ustedes, señora Queixas? Un*

Queixas? Un modelo de normalización lingüística que está caduco, un modelo de normalización lingüística que é basado na imposición, que trata de emular ós seus amigos e ós seus socios de Bildu, e saben perfectamente que ese modelo impositivo que rompe a cordialidade lingüística en Galicia non ten nada que ver cos galegos, señora Queixas.

*modelo de normalización lingüística que está caduco, un modelo de normalización lingüística que es basado en la imposición, que trata de emular a sus amigos y a sus socios de Bildu, y saben perfectamente que ese modelo impositivo que rompe la cordialidad lingüística en Galicia no tiene nada que ver con los gallegos, señora Queixas.*

Sabe cal é o maior problema de normalización lingüística? Que o Bloque Nacionalista Galego leva anos coa teima de facer ideoloxía coa lingua galega sen poder conseguilo. Ese é o problema da normalización lingüística.

*¿Sabe cuál es el mayor problema de normalización lingüística? Que el Bloque Nacionalista Galego lleva años con la obsesión de hacer ideología con la lengua gallega sin poder conseguirlo. Ese es el problema de la normalización lingüística.*

A nivel local, dicía antes que lle saía bastante barato ó PSOE. Fai pouco incluíuse na partida de normalización lingüística un contrato respecto á carta dos Reis Magos. Ese é a política lingüística que vostedes apoian, a da propaganda sen escrúpulos da señora alcaldesa, Inés Rey. É un insulto a toda a cidadanía, a todos os nenos e nenas, que a alcaldesa da Coruña utilice unha partida de normalización lingüística para gastar 13.000 € dos cartos dos coruñeses e coruñesas para enviar unha carta dicindo que é un axudante do Nadal. E o peor de todo, o chiste do Nadal non chega aquí, é que o propio contrato que desenvolve a carta ós Reis Magos está redactado en castelán, o que viría a incumplir o artigo 12 da Ordenanza que vostedes veñen a defender.

*A nivel local, decía antes que le salía bastante barato al PSOE. Hace poco se incluyó en la partida de normalización lingüística un contrato respecto a la carta de los Reyes Magos. Ese es la política lingüística que ustedes apoyan, la de la propaganda sin escrúpulos de la señora alcaldesa, Inés Rey. Es un insulto a toda la ciudadanía, a todos los niños y niñas, que la alcaldesa de A Coruña utilice una partida de normalización lingüística para gastar 13.000 € del dinero de los coruñeses y coruñesas para enviar una carta diciendo que es un ayudante navideño. Y lo peor de todo, el chiste navideño no llega aquí, es que el propio contrato que desarrolla la carta a los Reyes Magos está redactado en castellano, lo que vendría la incumplir el artículo 12 de la Ordenanza que ustedes vienen a defender.*

Si, señora Veira, dice o artigo número 12 da Ordenanza: os documentos públicos ou contractuais formalizados polo Concello da Coruña serán redactados en galego. É o propio contrato que está imposto na partida de normalización lingüística redactado integramente en castelán. Por ser capaces non poden facer nin defensa desa ordenanza.

*Sí, señora Veira, dice el artículo número 12 de la Ordenanza: los documentos públicos o contractuales formalizados por el Ayuntamiento de A Coruña serán redactados en gallego. Es el propio contrato que está impuesto en la partida de normalización lingüística redactado íntegramente en castellano. Por ser capaces no pueden hacer ni defensa de esa ordenanza.*

Frente a isto temos un goberno que xestiona. Por un lado o traballo da Xunta, que leva décadas defendendo a normalización lingüística, que defende un traballo en positivo, unha defensa da riqueza da nosa lingua, non só carreira de dinamización lingüística á que pertence este concello, senón co resto de programas de dinamización como o de celebración do Día das Letras Galegas, como ben dixo, adicada a Luísa Villalta, a poeta coruñesa, cun **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** ensino equilibrado entre o galego e o castelán e con traballos no eido da toponimia.

*Frente a esto tenemos un gobierno que gestiona. Por un lado el trabajo de la Xunta, que lleva décadas defendiendo la normalización lingüística, que defiende un trabajo en positivo, una defensa de la riqueza de nuestra lengua, no solo carrera de dinamización lingüística a la que pertenece este ayuntamiento, sino con el resto de programas de dinamización como el de celebración del Día das Letras Galegas, como bien dijo, dedicada a Luísa Villalta, la poeta coruñesa, con una* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *enseñanza equilibrada entre el gallego y el castellano y con trabajos en el campo de la toponimia.*

Tamén poderíamos poñer outro exemplo de defensa da normalización lingüística. Este portavoz, Miguel Lorenzo, no seu traballo no Senado como portavoz de cultura foi quen de enviar de volta ó Congreso os orzamentos xerais do Estado por non ter cumplida a Carta Europea de linguas rexionais ou minoritarias. Ese é o traballo de normalización lingüística, non facer ideoloxía, non estar en contra do equilibrio entre as linguas que defende a Xunta de Galicia e este partido sempre.

*También podríamos poner otro ejemplo de defensa de la normalización lingüística. Este portavoz, Miguel Lorenzo, en su trabajo en el Senado como portavoz de cultura fue capaz de enviar de vuelta al Congreso los presupuestos generales del Estado por no haber cumplido la Carta Europea de lenguas regionales o minoritarias. Ese es el trabajo de normalización lingüística, no hacer ideología, no estar en contra del equilibrio entre las lenguas que defiende la Xunta de Galicia y este partido siempre.*

Como resultado deste traballo de equilibrio temos o orgullo de dicir, e vostedes o saben, que o galego ten os índices de competencia máis elevados de toda España, en Galicia fálase máis galego que euskera no País Vasco e catalán en Cataluña. Esa é a realidade.

*Como resultado de este trabajo de equilibrio tenemos el orgullo de decir, y ustedes lo saben, que el gallego tiene los índices de competencia más elevados de toda España, en Galicia se habla más gallego que euskera en el País Vasco y catalán en Cataluña. Esa es la realidad.*

Deixen de facer ideoloxía, fagan a fiscalización que lle exixen os coruñeses a este goberno e deixen de ser o si rotundo ás políticas orzamentarias do PSOE. Probablemente se volven á razón e ó compromiso con Galicia e coa nosa lingua será mellor para todos e todas.

*Dejen de hacer ideología, hagan la fiscalización que le exigen los coruñeses a este gobierno y dejen de ser el sí rotundo a las políticas presupuestarias del PSOE. Probablemente si vuelven a la razón y al compromiso con Galicia y con nuestra lengua será mejor para todos y todas.*

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

**Presidencia**

Moitas grazas, señor San Claudio.

Turno para o Goberno municipal, señor Castro.

**Señor Castro Prado**

Bueno, moi bo día, compañeiros e compañeiras de Corporación, aos funcionarios, persoal municipal que fai posible o desenvolvemento deste pleno, a quen nos están vendo por *streaming*.

Debemos de estar cunha convocatoria de eleccións autonómicas, non? porque creo que é cada catro anos cando o Partido Popular acórdase do galego e daquela maneira, non? E daquela maneira para, evidentemente, xustificar o que non fixo durante catro anos e para defender unha posición ideolóxica que nega algo que é absolutamente básico: que o galego é a nosa lingua.

Se mo permiten, vou empezar cunha perogrullada. Eu sei que pode parecer unha perogrullada, pero se estamos a discutir agora mesmo sobre o cumprimento en maior ou menor medida dunha ordenanza do uso do galego no noso Concello é porque existe unha ordenanza do uso do galego no noso concello, e esta afirmación creo que non é baladí. É unha afirmación que puxo fin a unha situación de anormalidade que duraba máis de 40 anos, unha situación á que tampouco é alleo ninguén aquí. Aquí todos tiveron responsabilidades en materia de normalización lingüística e esa ordenanza non chegou hasta que unha alcaldesa chamada Inés Rey, cun compromiso evidente e moi claro coa defensa da nosa lingua, sacou adiante esta iniciativa. E o fixo desde unha posición que eu creo que é absolutamente esencial, que é unha posición integradora, unha posición que

***Presidencia***

*Muchas gracias, señor San Claudio.*

*Turno para el Gobierno municipal, señor Castro.*

***Señor Castro Prado***

*Bueno, muy buenos días, compañeros y compañeras de Corporación, a los funcionarios, personal municipal que hace posible el desarrollo de este pleno, a quién nos están viendo en directo.*

*Debemos estar con una convocatoria de elecciones autonómicas, ¿no? porque creo que es cada cuatro años cuando el Partido Popular se acuerda del gallego y de aquella manera, ¿no? Y de aquella manera para, evidentemente, justificar lo que no hizo durante cuatro años y para defender una posición ideológica que niega algo que es absolutamente básico: que el gallego es nuestra lengua.*

*Si me lo permiten, voy a empezar con una perogrullada. Yo sé que puede parecer una perogrullada, pero si estamos discutiendo ahora mismo sobre el cumplimiento en mayor o menor medida de una ordenanza del uso del gallego en nuestro Ayuntamiento es porque existe una ordenanza del uso del gallego en nuestro ayuntamiento, y esta afirmación creo que no es baladí. Es una afirmación que puso fin a una situación de anormalidad que duraba más de 40 años, una situación a la que tampoco es ajeno nadie aquí. Aquí todos tuvieron responsabilidades en materia de normalización lingüística y esa ordenanza no llegó hasta que una alcaldesa llamada Inés Rey, con un compromiso evidente y muy claro con la defensa de nuestra lengua, sacó adelante esta iniciativa. Y lo hizo desde una posición que yo creo que es absolutamente esencial, que es una posición integradora, una posición que*

evidentemente entende o galego como un patrimonio de todos, unha posición que fuxe de posicionamentos ideolóxicos na defensa da nosa lingua e que fai posible que esa defensa do uso da nosa lingua sexa eficaz, porque evidentemente despois de escoitar a intervención do concelleiro do Partido Popular, é evidente que algúns non cren que o galego sexa un patrimonio universal de todas e todos os galegos.

*evidentemente entiende el gallego como un patrimonio de todos, una posición que huye de posicionamientos ideológicos en la defensa de nuestra lengua y que hace posible que esa defensa del uso de nuestra lengua sea eficaz, porque evidentemente después de escuchar la intervención del concejal del Partido Popular, es evidente que algunos no creen que el gallego sea un patrimonio universal de todas y todos los gallegos.*

Que hai moito que mellorar e que hai moito que avanzar na aplicación da Ordenanza? Pois efectivamente, porque tamén eu creo que nós debemos de ter presente para saber cara a que dirección camiñamos de onde vimos, e vimos, reitero, dunha situación anormal, por chamarlle dalgún xeito, que duraba, pois moitos anos.

*¿Que hay mucho que mejorar y que hay mucho que avanzar en la aplicación de la Ordenanza? Pues efectivamente, porque también yo creo que nosotros debemos tener presente para saber hacia qué dirección caminamos de dónde venimos, y venimos, reitero, de una situación anormal, por llamarle de alguna manera, que duraba, pues muchos años.*

En calquera caso, este goberno municipal presidido por Inés Rey non estivo cos brazos cruzados. Desde a aprobación da Ordenanza se fixeron moitas actuacións, algunhas máis visibles, outras menos, para a súa aplicación, tanto internamente como externamente. Mesmo se elaborou, non?, co servizo de normalización lingüística un anteproxecto dun plan estratéxico para o fomento e promoción do uso do galego no sector económico terciario, que tamén pode ser incluído, obviamente, nun plan de normalización lingüística que ten unha dotación orzamentaria —como ben sabe o Grupo propoñente desta moción— para o exercicio de 2024. O noso compromiso para executar e para que se de cumprimento a esta ordenanza é evidente e creo que temos feito bastantes cousas.

*En cualquier caso, este gobierno municipal presidido por Inés Rey no estuvo con los brazos cruzados. Desde la aprobación de la Ordenanza se hicieron muchas actuaciones, algunas más visibles, otras menos, para su aplicación, tanto internamente como externamente. Incluso se elaboró, ¿no?, con el servicio de normalización lingüística un anteproyecto de un plan estratégico para el fomento y promoción del uso del gallego en el sector económico terciario, que también puede ser incluido, obviamente, en un plan de normalización lingüística que tiene una dotación presupuestaria —como bien sabe el Grupo proponente de esta moción— para el ejercicio de 2024. Nuestro compromiso para ejecutar y para que se dé cumplimiento a esta ordenanza es evidente y creo que hemos hecho bastantes cosas.*

Esta alcaldesa tense comprometido incluso con cuestións que son simbólicas porque, evidentemente, o papel todo o aguanta, as declaracións de intencións están aí, pero os feitos son os que

*Esta alcaldesa se ha comprometido incluso con cuestiones que son simbólicas porque, evidentemente, el papel todo lo aguanta, las declaraciones de intenciones están ahí, pero los hechos son los que*

finalmente definen as posicións, non? e hai cuestións simbólicas, e eu creo que unha imaxe vale máis que mil palabras, que falan ben ás claras da ruptura cunha situación de anormalidade e da defensa desde unha posición integradora do uso do galego. E eu quero facer aquí unha exposición gráfica do que sería un antes e un despois. Volvo dicir, as imaxes son moi significativas **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)**.

Se falamos da imaxe corporativa do noso concello, evidentemente, este é o antes **(o señor Castro Prado mostra un documento)**, unha situación de anormalidade onde víamos "Ayuntamiento da Coruña Concello da Coruña". Creo que todos os que temos algo de mundo nunca vimos Ayuntamiento de Santiago nin Concello de Santiago, nin Ayuntamiento de Lugo nin Concello de Lugo, e esta é a imaxe actual **(o señor Castro Prado mostra outro documento)** despois, evidentemente, do exercicio claro e rotundo do compromiso da defensa da nosa lingua por parte da nosa alcaldesa. Isto, que pode parecer unha cuestión menor, é unha cuestión simbolicamente de gran significado: cambiamos a imaxe corporativa do Concello avanzando na normalización do uso do galego porque convivíamos con algo que, evidentemente, todos os que defendemos o uso da nosa lingua podemos entender que non era normal.

Dito isto, evidentemente este grupo vai apoiar a moción. Traballaremos intensamente para que se cumpra a Ordenanza e para contribuír de forma decisiva a que o uso do galego na nosa cidade sexa un uso normalizado e sexa un uso, evidentemente, que parta dunha posición integradora que fuxa de apriorismos ideolóxicos e que fuxa, evidentemente, de considerar o galego patrimonio de alguén. O galego é

*finalmente definen las posiciones, ¿no? y hay cuestiones simbólicas, y yo creo que una imagen vale más que mil palabras, que hablan bien a las claras de la ruptura con una situación de anormalidad y de la defensa desde una posición integradora del uso del gallego. Y yo quiero hacer aquí una exposición gráfica de lo que sería un antes y un después. Vuelvo a decir, las imágenes son muy significativas* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)****.*

*Si hablamos de la imagen corporativa de nuestro ayuntamiento, evidentemente, este es el antes* ***(el señor Castro Prado muestra un documento)****, una situación de anormalidad donde veíamos "Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña". Creo que todos los que tenemos algo de mundo nunca vimos Ayuntamiento de Santiago ni Concello de Santiago, ni Ayuntamiento de Lugo ni Concello de Lugo, y esta es la imagen actual* ***(el señor Castro Prado muestra otro documento)*** *después, evidentemente, del ejercicio claro y rotundo del compromiso de la defensa de nuestra lengua por parte de nuestra alcaldesa. Esto, que puede parecer una cuestión menor, es una cuestión simbólicamente de gran significado: cambiamos la imagen corporativa del Ayuntamiento avanzando en la normalización del uso del gallego porque convivíamos con algo que, evidentemente, todos los que defendemos el uso de nuestra lengua podemos entender que no era normal.*

*Dicho esto, evidentemente este grupo va a apoyar la moción. Trabajaremos intensamente para que se cumpla la Ordenanza y para contribuir de forma decisiva a que el uso del gallego en nuestra ciudad sea un uso normalizado y sea un uso, evidentemente, que parta de una posición integradora que huya de apriorismos ideológicos y que huya, evidentemente, de considerar el gallego patrimonio de alguien. El gallego es*

patrimonio de absolutamente todos e todas e desde esa posición este goberno municipal defenderá o seu uso.

**<u>Presidencia</u>**

Moitas grazas, señor Castro.

Remata o debate desta moción.

**<u>Votación da primeira moción presentada polo Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego</u>**

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a primeira moción presentada polo Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego sobre o cumprimento da Ordenanza municipal reguladora do uso da lingua galega no Concello da Coruña, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo municipal do Partido Popular (PP) (12 votos).

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos).

Vota a favor o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (4 votos).

**<u>Presidencia</u>**

Moitas grazas.

Queda aprobada por unanimidade.

**<u>Acordo</u>**

**4. Moción do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego sobre o cumprimento da Ordenanza municipal reguladora do uso da lingua galega no Concello da Coruña.**

1. Impulsar o Plan de normalización lingüística.

*patrimonio de absolutamente todos y todas y desde esa posición este gobierno municipal defenderá su uso.*

***<u>Presidencia</u>***

*Muchas gracias, señor Castro.*

*Finaliza el debate de esta moción.*

***<u>Votación de la primera moción presentada por el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego</u>***

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la primera moción presentada por el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego sobre el cumplimiento de la Ordenanza municipal reguladora del uso de la lengua gallega en el Ayuntamiento de A Coruña, produciéndose el siguiente resultado:*

*Vota a favor el Grupo municipal del Partido Popular (PP) (12 votos).*

*Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos).*

*Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (4 votos).*

***<u>Presidencia</u>***

*Muchas gracias.*

*Queda aprobada por unanimidad.*

***<u>Acuerdo</u>***

***4. Moción del Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego sobre el cumplimiento de la Ordenanza municipal reguladora del uso de la lengua gallega en el Ayuntamiento de A Coruña.***

*1. Impulsar el Plan de normalización lingüística.*

2. Crear o Consello Local da Lingua.

3. Comprometerse a cumprir ambos os dous acordos no primeiro semestre de 2024.

**Segunda. Moción sobre accesibilidade universal.**

**Sobre esta moción consta presentada unha emenda de adición do Grupo municipal do Partido Popular.**

**Presidencia**

Segunda das mocións presentadas polo Bloque Nacionalista Galego sobre accesibilidade universal á que consta unha emenda de adición do Grupo Municipal do Partido Popular.

Señora Veira, ten a palabra.

**Señora Veira González**

Si. En primeiro lugar, non imos aceptar a emenda do Partido Popular porque desvirtúa a moción absolutamente e só persegue un interese, que é poñer unha cuestión enriba da mesa que xa é obxecto doutra iniciativa plenaria do propio Partido Popular e que desde logo distorsiona rotundamente o que é a nosa moción.

Pero antes de empezar coa defensa da miña moción voulle dar un dato, señor San Claudio. Sabe o que é o ano 2048? Pode imaxinalo porque seguramente o viva. No ano 2048 é cando as galegas e os galegos nos desfaremos da lousa da AP-9 e o responsábel, o único responsábel de que as galegas e os galegos teñamos esa lousa enriba é o Partido Popular. Sóalle o nome do señor Aznar, non? soaralle o nome do señor Aznar, supoño que o admira incluso, ó señor Aznar. Pois ese é o responsábel de que as galegas e os galegos a día de hoxe,

*2. Crear el Consejo Local de la Lengua.*

*3. Comprometerse a cumplir ambos acuerdos en el primer semestre de 2024.*

***Segunda. Moción sobre accesibilidad universal.***

***Sobre esta moción consta presentada una enmienda de adición del Grupo municipal del Partido Popular.***

***Presidencia***

*Segunda de las mociones presentadas por el Bloque Nacionalista Galego sobre accesibilidad universal a la que consta una enmienda de adición del Grupo Municipal del Partido Popular.*

*Señora Veira, tiene la palabra.*

***Señora Veira González***

*Sí. En primer lugar, no vamos a aceptar la enmienda del Partido Popular porque desvirtúa la moción absolutamente y solo persigue un interés, que es poner una cuestión encima de la mesa que ya es objeto de otra iniciativa plenaria del propio Partido Popular y que desde luego distorsiona rotundamente lo que es nuestra moción.*

*Pero antes de empezar con la defensa de mi moción le voy a dar un dato, señor San Claudio ¿Sabe lo que es el año 2048? Puede imaginarlo porque seguramente lo viva. En el año 2048 es cuando las gallegas y los gallegos nos desharemos de la losa de la AP-9 y el responsable, el único responsable de que las gallegas y los gallegos tengamos esa losa encima es el Partido Popular. Le suena el nombre del señor Aznar, ¿no? le sonará el nombre del señor Aznar, supongo que lo admira incluso, al señor Aznar. Pues ese es el responsable de que las gallegas y los*

a día de hoxe, teñamos esa lousa enriba e o responsábel de que as galegas e os galegos teñamos algún tipo de bonificación, algún tipo de bonificación nas peaxes da AP-9 é o Bloque Nacionalista Galego que pon todos os días enriba da mesa os intereses das galegas e dos galegos por riba de calquera cousa, non o Partido Popular.

*gallegos a día de hoy, a día de hoy, tengamos esa losa encima y el responsable de que las gallegas y los gallegos tengamos algún tipo de bonificación, algún tipo de bonificación en los peajes de la AP-9 es el Bloque Nacionalista Galego que pone todos los días encima de la mesa los intereses de las gallegas y de los gallegos por encima de cualquier cosa, no el Partido Popular.*

E segunda cuestión, señor San Claudio, non se pode impor o que é propio, non pode haber política lingüística da lingua galega que consista na imposición de algo que xa é propio, que é a lingua galega. E por certo, se as nosas propostas son semellantes ás de Bildu, vostedes acaban de votar a favor. É que é inexplicable o seu, eh? É absolutamente inexplicable.

*Y segunda cuestión, señor San Claudio, no se puede imponer lo que es propio, no puede haber política lingüística de la lengua gallega que consista en la imposición de algo que ya es propio, que es la lengua gallega. Y por cierto, si nuestras propuestas son semejantes a las de Bildu, ustedes acaban de votar a favor. Es que es inexplicable el suyo, ¿eh? Es absolutamente inexplicable.*

Entón, a súa política lingüística tamén é a mesma ou irmá da de Cataluña e da de Euskadi. É incrible, e é incrible que vostede, que vén aquí a defender a moción, non saiba nin os mínimos datos, nin os mínimos datos sobre sociolingüística da lingua galega nin sobre usos da lingua galega. Nos menores de 20 anos, señor San Claudio, hai que multiplicar por 4 os menores de 20 anos que utilizan o caste..., perdón, multiplicar, si, o número de rapaces e rapazas que utilizan o galego para que dea a cifra dos que usan o castelán. Sábeo, señor San Claudio? Sabe vostede iso?

*Entonces, su política lingüística también es la misma o hermana de la de Cataluña y de la de Euskadi. Es increíble, y es increíble que usted, que viene aquí a defender la moción, no sepa ni los mínimos datos, ni los mínimos datos sobre sociolingüística de la lengua gallega ni sobre usos de la lengua gallega. En los menores de 20 años, señor San Claudio, hay que multiplicar por 4 los menores de 20 años que utilizan el caste..., perdón, multiplicar, sí, el número de chicos y chicas que utilizan el gallego para que dé la cifra de los que usan el castellano ¿Lo sabe, señor San Claudio? ¿Sabe usted eso?*

**Presidencia**

***Presidencia***

Señora Veira, perdón, perdón.

*Señora Veira, perdón, perdón.*

**Señora Veira González**

***Señora Veira González***

Sabe? Perdón, perdón, é que de verdade...

*¿Sabe? Perdón, perdón, es que de verdad...*

**Presidencia**

***Presidencia***

Entendo a inten... Escoite, escoite...

*Entiendo la inten... Escuche, escuche...*

**Señora Veira González**

...é que as barbaridades que se dixeron...

*...es que las barbaridades que se dijeron...*

**Presidencia**

...escoite. Entendo a intensidade, as ganas de responder e trato de non cortar o debate mesmo cando falan doutra cousa que non ten que ver, pero é que lle quedan 30 segundos para o tema da accesibilidade.

*...escuche. Entiendo la intensidad, las ganas de responder y trato de no cortar el debate incluso cuando hablan de otra cosa que no tiene que ver, pero es que le quedan 30 segundos para el tema de la accesibilidad.*

**Señora Veira González**

Xa, pero é que falaron da AP-9...

*Ya, pero es que hablaron de la AP-9...*

**Presidencia**

Entón, voulle... Xa o sei, xa o sei. Escoite...

*Entonces, le voy... Ya lo sé, ya lo sé. Escuche...*

**Señora Veira González**

...e non os cortou...

*...y no los cortó...*

**Presidencia**

...escoite, escoite.

*...escuche, escuche.*

Estou, estamos empezando o Pleno, estou sendo laxa, eh?, voulle dar tamén marxe para que fale de accesibilidade, pero... Llo digo porque é que lle quedan 30 segundos para a moción e non quero que esgote os tres primeiros falando doutro tema.

*Estoy, estamos empezando el Pleno, estoy siendo laxa, ¿eh?, le voy a dar también margen para que hable de accesibilidad, pero... Se lo digo porque es que le quedan 30 segundos para la moción y no quiero que agote los tres primeros hablando de otro tema.*

Veña, imos, reconducindo o tema.

*Venga, vamos, reconduciendo el tema.*

**Señora Veira González**

Bueno, vou a pola accesibilidade porque é suficientemente importante, evidentemente, pero bueno, en fin.

*Bueno, voy a por la accesibilidad porque es suficientemente importante, evidentemente, pero bueno, en fin.*

Esta moción ten o seu sentido porque desde o BNG o que sentimos e o que nos

*Esta moción tiene su sentido porque desde el BNG lo que sentimos y lo que nos*

transmite ademais a cidadanía coruñesa é que a cidade da Coruña non é, nin de lonxe, unha cidade que cumpra cos criterios de accesibilidade universal, e falamos de accesibilidade universal. Non estamos falando exclusivamente de que esta cidade estea adaptada ou non ás persoas que teñen mobilidade reducida, senón tamén ó resto de persoas que teñen dificultades para acceder, pois a servizos públicos e a bens e servizos que, bueno, pois que tamén son accesíbeis ou deberían de ser accesíbeis a todo o mundo.

Na Coruña son de aplicación dúas normativas, unha que é o Real Decreto 193/2023, sobre condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e utilizacións dos bens e servizos a disposición do público que incide na necesidade de que a hostalería, o comercio, as instalacións deportivas, culturais e de ocio sexan accesíbeis, e neste 2024 cumpriranse 10 anos desde a aprobación da Lei da accesibilidade galega, non? E o que vemos é que malia ter toda esta lexislación en vigor, como diciamos A Coruña está lonxe de cumprir os criterios de accesibilidade universal.

En primeiro lugar, na Coruña píntanse novos pasos de peóns, pero non se rebaixan as beirarrúas. Podémolo comprobar na avenida de Hércules, podémolo comprobar **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** na rúa Juana de Vega, como se fixo un paso de peóns enorme, pero que non ten rebaixada absolutamente toda a beirarrúa para que as persoas con mobilidade reducida poidan acceder á beirarrúa. Podemos falar dos tempos dos semáforos, podemos falar dos locais comerciais e da hostalería, podemos falar de que neste rexistro municipal unha persoa xorda non pode vir a facer os seus trámites soa

*transmite además la ciudadanía coruñesa es que la ciudad de A Coruña no es, ni de lejos, una ciudad que cumpla con los criterios de accesibilidad universal, y hablamos de accesibilidad universal. No estamos hablando exclusivamente de que esta ciudad esté adaptada o no a las personas que tienen movilidad reducida, sino también al resto de personas que tienen dificultades para acceder, pues a servicios públicos y a bienes y servicios que, bueno, pues que también son accesibles o deberían de ser accesibles a todo el mundo.*

*En A Coruña son de aplicación dos normativas, una que es el Real Decreto 193/2023, sobre condiciones básicas de accesibilidad y no discriminación de las personas con discapacidad para el acceso y utilizaciones de los bienes y servicios a disposición del público que incide en la necesidad de que la hostelería, el comercio, las instalaciones deportivas, culturales y de ocio sean accesibles, y en este 2024 se cumplirán 10 años desde la aprobación de la Ley de la accesibilidad gallega, ¿no? Y lo que vemos es que a pesar de tener toda esta legislación en vigor, como decíamos A Coruña está lejos de cumplir los criterios de accesibilidad universal.*

*En primer lugar, en A Coruña se pintan nuevos pasos de cebra, pero no se rebajan las aceras. Lo podemos comprobar en la avenida de Hércules, lo podemos comprobar* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *en la calle Juana de Vega, cómo se hizo un paso de cebra enorme, pero que no tiene rebajada absolutamente toda la acera para que las personas con movilidad reducida puedan acceder a la acera. Podemos hablar de los tiempos de los semáforos, podemos hablar de los locales comerciales y de la hostelería, podemos hablar de que en este registro municipal una persona sorda no puede venir a hacer sus trámites sola porque no*

porque non se pode comunicar co funcionariado. Hai prazas de aparcamento para persoas con mobilidade reducida na nosa cidade que se utilizan para cousas que non son mobilidade reducida, como por exemplo para colectores de obras, como por exemplo para os autobuses que veñen recoller cruceiristas, etcétera, etcétera, etcétera.

*se puede comunicar con el funcionariado. Hay plazas de aparcamiento para personas con movilidad reducida en nuestra ciudad que se utilizan para cosas que no son movilidad reducida, como por ejemplo para colectores de obras, como por ejemplo para los autobuses que vienen a recoger cruceristas, etcétera, etcétera, etcétera.*

Para sermos unha cidade verdadeiramente democrática, onde todo o mundo, independentemente da súa condición física, dos seus problemas de mobilidade ou sensoriais, poidan desenvolver a súa vida é necesario termos un plan de accesibilidade universal feito man a man co tecido da cidade, ambicioso, global, aprobado por este pleno para que se poida desenvolver durante anos e non só neste mandato, pero fai falta ter unha boa diagnose e ser moi autocríticas. E tamén, o plan ten que ter introducidos obxectivos, liñas estratéxicas e un bo cronograma para poder verificar se se está cumprindo todo o que se planifica, porque a accesibilidade universal é imprescindíbel para esa Coruña democrática, pero non só —como dicía ó comezo— para que construtivamente e fisicamente sexa universal, senón que tamén para todas aquelas persoas que teñen problemas ou teñen discapacidades sensoriais, para as persoas cegas, para as persoas xordas, para as persoas xordomudas, etcétera, etcétera.

*Para ser una ciudad verdaderamente democrática, donde todo el mundo, independientemente de su condición física, de sus problemas de movilidad o sensoriales, puedan desarrollar su vida es necesario que tengamos un plan de accesibilidad universal hecho mano a mano con el tejido de la ciudad, ambicioso, global, aprobado por este pleno para que se pueda desarrollar durante años y no solo en este mandato, pero hace falta tener un buen diagnóstico y ser muy autocríticas. Y también, el plan tiene que tener introducidos objetivos, líneas estratégicas y un buen cronograma para poder verificar si se está cumpliendo todo lo que se planifica, porque la accesibilidad universal es imprescindible para esa Coruña democrática, pero no solo —como decía al comienzo— para que constructivamente y físicamente sea universal, sino que también para todas aquellas personas que tienen problemas o tienen discapacidades sensoriales, para las personas ciegas, para las personas sordas, para las personas sordomudas, etcétera, etcétera.*

Desde logo, o que é preciso é que **(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención)** estas persoas poidan desenvolver a súa vida con absoluta independencia, e iso é o que falta nesta cidade, a comezar tamén por este pazo de María Pita, a comezar tamén por aqueles concertos que se ofrecen en instalacións públicas que son propiedade deste concello, como

*Desde luego, lo que es necesario es que* ***(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención)*** *estas personas puedan desarrollar su vida con absoluta independencia, y eso es lo que falta en esta ciudad, a comenzar también por este palacio de María Pita, a comenzar también por aquellos conciertos que se ofrecen en instalaciones públicas que son*

o Coliseum, e que ademais non ofrecen as suficientes prazas e as suficientes entradas para que todas as persoas con diversidade funcional, con mobilidade reducida, ou con...

*propiedad de este ayuntamiento, como el Coliseum, y que además no ofrecen las suficientes plazas y las suficientes entradas para que todas las personas con diversidad funcional, con movilidad reducida, o con...*

**Presidencia**

Ten que rematar, señora Veira.

***Presidencia***

*Tiene que finalizar, señora Veira.*

**Señora Veira González**

...—e remato— e con algún tipo de discapacidade sensorial poidan acceder a eses servizos e a eses bens. E, por suposto, é imprescindíbel traballar co tecido empresarial desta cidade porque tamén se ten que facer responsábel de que esta cidade sexa democrática a todos os efectos.

Nada máis.

***Señora Veira González***

*...—y finalizo— y con algún tipo de discapacidad sensorial puedan acceder a esos servicios y a esos bienes. Y, por supuesto, es imprescindible trabajar con el tejido empresarial de esta ciudad porque también se tiene que hacer responsable de que esta ciudad sea democrática a todos los efectos.*

*Nada más.*

**Presidencia**

Moitas grazas.

Turno para o Partido Popular.

***Presidencia***

*Muchas gracias.*

*Turno para el Partido Popular.*

**Señora López Sánchez**

Moitas grazas, señora alcaldesa. Bo día a todos e a todas.

Señores e señoras do BNG, eu despois da intervención da señora Veira, que tivo a capacidade de elevar dúas mocións seguidas, vou a respostarlle só á segunda, porque a primeira non. Pero bueno, a segunda, que fala de accesibilidade universal, direilles que bueno, vostedes piden na súa moción que realmente se cree un plan de accesibilidade universal. O que a priori pode ser unha idea boa, unha idea lóxica, nas súas mans debo de dicirlle —e baixo a miña perspectiva— que se trata dun acto de hipocresía tremendo. E vou ir ó gran e explicarlles por que o digo.

***Señora López Sánchez***

*Muchas gracias, señora alcaldesa. Buenos días a todos y a todas.*

*Señores y señoras del BNG, yo después de la intervención de la señora Veira, que tuvo la capacidad de elevar dos mociones sucesivas, voy a responderle solo a la segunda, porque la primera no. Pero bueno, la segunda, que habla de accesibilidad universal, les diré que bueno, ustedes piden en su moción que realmente se cree un plan de accesibilidad universal. Lo que a priori puede ser una idea buena, una idea lógica, en sus manos debo de decirle —y bajo mi perspectiva— que se trata de un acto de hipocresía tremendo. Y voy a ir al grano y explicarles por qué lo digo.*

Primeiro, vostedes piden accesibilidade universal e votan si a reducir un 31 % os orzamentos destinados a accesibilidade para este ano 2024; votan si a reducir os orzamentos destinados a que as comunidades de veciños poidan instalar ascensores ou renovar ascensores e deste xeito garantir a mobilidade vertical, porque non sei se saben que A Coruña é unha das cidades con menos vivenda accesible, só un 1 %, con moitas persoas, moitísimas, prisioneiras nos seus domicilios; vostedes queren accesibilidade universal e votan non a duplicar a partida para subvencións dedicadas a accesibilidade, e votan non porque é unha moción presentada polo Grupo municipal do Partido Popular, é dicir, antepoñendo os seus intereses partidistas ás necesidades reais das persoas e neste caso das persoas máis vulnerables; e vostedes queren accesibilidade universal e votan non a unha ordenanza de ascensores, un regulamento que facilite a xestión ás comunidades de veciños, que tamén é unha alegación do noso grupo municipal; e vostedes queren accesibilidade universal e votan non a crear unha oficina técnica de accesibilidade para que se asesore ás comunidades de veciños e coa que se garanta que a tramitación das licenzas para a instalación dos ascensores se faga en menos de tres meses, tamén unha alegación do noso grupo municipal. Todo isto constitúe no seu conxunto un tremendo acto de hipocrisía.

Falan vostedes tamén na súa moción do uso correcto das prazas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida. Pois ben, estou de acordo, pero recoméndolle que falen vostedes cos seus compañeiros dos seus socios de goberno, concretamente co voceiro do Grupo municipal do Partido Socialista, o señor Lage Tuñas, que é ademais responsable da Área de

*Primero, ustedes piden accesibilidad universal y votan sí a reducir un 31 % los presupuestos destinados la accesibilidad para este año 2024; votan sí a reducir los presupuestos destinados a que las comunidades de vecinos puedan instalar ascensores o renovar ascensores y de este modo garantizar la movilidad vertical, porque no sé si saben que A Coruña es una de las ciudades con menos vivienda accesible, solo un 1 %, con muchas personas, muchísimas, prisioneras en sus domicilios; ustedes quieren accesibilidad universal y votan no a duplicar la partida para subvenciones dedicadas la accesibilidad, y votan no porque es una moción presentada por el Grupo municipal del Partido Popular, es decir, anteponiendo sus intereses partidistas a las necesidades reales de las personas y en este caso de las personas más vulnerables; y ustedes quieren accesibilidad universal y votan no a una ordenanza de ascensores, un reglamento que facilite la gestión a las comunidades de vecinos, que también es una alegación de nuestro grupo municipal; y ustedes quieren accesibilidad universal y votan no a crear una oficina técnica de accesibilidad para que se asesore a las comunidades de vecinos y con la que se garantice que la tramitación de las licencias para la instalación de los ascensores se haga en menos de tres meses, también una alegación de nuestro grupo municipal. Todo esto constituye en su conjunto un tremendo acto de hipocresía.*

*Hablan ustedes también en su moción del uso correcto de las plazas de estacionamiento para personas con movilidad reducida. Pues bien, estoy de acuerdo, pero le recomiendo que hablen ustedes con sus compañeros de sus socios de gobierno, concretamente con el portavoz del Grupo municipal del Partido Socialista, el señor Lage Tuñas, que es además responsable del Área de*

Seguridade Cidadá e de Mobilidade que, nin máis nin menos, o día 20 de decembro do pasado ano decidiu estacionar o seu vehículo nunha praza reservada para persoas con mobilidade reducida sen ter a tarxeta acreditativa correspondente no caso de posuíla. Aquí temos unha foto **(a señora López Sánchez mostra unha fotografía)** onde claramente se pode observar e corroborar o que estou a dicir.

*Seguridad Ciudadana y de Movilidad que, nada más y nada menos, el día 20 de diciembre del pasado año decidió estacionar su vehículo en una plaza reservada para personas con movilidad reducida sin tener la tarjeta acreditativa correspondiente en el caso de poseerla. Aquí tenemos una foto* **(la señora López Sánchez muestra una fotografía)** *donde claramente se puede observar y corroborar lo que estoy diciendo.*

Para o noso grupo municipal, e imaxino eu que para o resto dos grupos municipais e para a señora alcaldesa, esta non é unha cuestión menor. E non é unha cuestión menor porque o responsable de seguridade cidadá e o responsable de mobilidade desta cidade, que é o que ten que velar polo uso correcto das prazas de estacionamento para persoas con discapacidade, non pode ser o que as ocupe de xeito indebido. A exemplaridade, concelleiros e concelleiras, ten que ser unha condición sine qua non para que calqueira de nós poida a seguir exercer as funcións de concelleiro ou de concelleira, e ademais, como representantes municipais temos que ter a suficiente sensibilidade para con determinados colectivos, fundamentalmente colectivos vulnerables, como son as persoas con discapacidade.

*Para nuestro grupo municipal, e imagino yo que para el resto de los grupos municipales y para la señora alcaldesa, esta no es una cuestión menor. Y no es una cuestión menor porque el responsable de seguridad ciudadana y el responsable de movilidad de esta ciudad, que es el que tiene que velar por el uso correcto de las plazas de estacionamiento para personas con discapacidad, no puede ser el que las ocupe de manera indebida. La ejemplaridad, concejales y concejalas, tiene que ser una condición sine qua non para que cualquiera de nosotros pueda seguir ejerciendo las funciones de concejal o de concejala, y además, como representantes municipales tenemos que tener la suficiente sensibilidad para con determinados colectivos, fundamentalmente colectivos vulnerables, como son las personas con discapacidad.*

Falan vostedes tamén de accesibilidade deste edificio, do Pazo de María Pita. Benvidos, porque esta que lles fala leva aquí sete meses, sete meses tentando que o Goberno municipal cumpla coa Lei de dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social, leva aquí sete meses rogando pleno tras pleno que se adecúen e que se palíen os déficits de accesibilidade que imposibilitan o acceso ó noso gabinete do Grupo municipal en condicións de seguridade, para que, concretamente, por exemplo, eu poida exercer as miñas funcións de

*Hablan ustedes también de accesibilidad de este edificio, del Palacio de María Pita. Bienvenidos, porque esta que les habla lleva aquí siete meses, siete meses intentando que el Gobierno municipal cumpla con la Ley de derechos de las personas con discapacidad y su inclusión social, lleva aquí siete meses rogando pleno tras pleno que se adecúen y que se palíen los déficits de accesibilidad que imposibilitan el acceso a nuestro gabinete del Grupo municipal en condiciones de seguridad, para que, concretamente, por ejemplo, yo pueda ejercer mis funciones*

concelleira como calquera de vostedes. Levo aquí sete meses cunha impotencia tremenda, vendo como se fai caso omiso das miñas peticións, vendo como se invisibiliza un problema facendo como se non existise.

*de concejala como cualquiera de ustedes. Llevo aquí siete meses con una impotencia tremenda, viendo cómo se hace caso omiso de mis peticiones, viendo cómo se invisibiliza un problema haciendo como se no existiera.*

Non lles da vergoña? De verdade non teñen cara de vergoña? E levo aquí sete meses, sete meses, sete longos meses, esperando a que algún membro do Goberno municipal teña a deferencia de dirixirse a min, por unha cuestión de humanidade, por unha cuestión de compañeirismo, para explicarse en que punto se atopa a situación, sen obter resposta ningunha, nin explicación ningunha por parte de ninguén.

*¿No les de la vergüenza? ¿De verdad no tienen cara de vergüenza? Y llevo aquí siete meses, siete meses, siete largos meses, esperando a que algún miembro del Gobierno municipal tenga la deferencia de dirigirse a mí, por una cuestión de humanidad, por una cuestión de compañerismo, para explicarse en qué punto se encuentra la situación, sin obtener respuesta alguna, ni explicación alguna por parte de nadie.*

Ben, dito o cal, só me resta dicirlles ós señores e señoras do BNG que non se pode soplar e sorber ó mesmo tempo, que ou están vostedes a apoiar ó Grupo municipal do Partido Socialista ou apoian vostedes a accesibilidade universal e a promoción da autonomía das persoas con discapacidade. As dúas cousas agora mesmo son incompatibles. Decidan vostedes.

*Bien, dicho lo cual, solo me resta decirles a los señores y señoras del BNG que no se puede soplar y sorber al mismo tiempo, que o están ustedes apoyando al Grupo municipal del Partido Socialista o apoyan ustedes la accesibilidad universal y la promoción de la autonomía de las personas con discapacidad. Las dos cosas ahora mismo son incompatibles. Decidan ustedes.*

E por outra banda, dígolles tamén que estou decepcionada pola súa falta de ambición á hora de abordar un asunto clave como é a accesibilidade, negándose a admitir a nosa emenda de adición, un asunto clave para que sexan autónomas tantas e tantas persoas.

*Y por otra parte, les digo también que estoy decepcionada por su falta de ambición a la hora de abordar un asunto clave como es la accesibilidad, negándose a admitir nuestra enmienda de adición, un asunto clave para que sean autónomas tantas y tantas personas.*

Máis nada pola miña banda. Moitas grazas.

*Más nada por mi parte. Muchas gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señora López.

*Muchas gracias, señora López.*

Turno para o Goberno, señora Canosa.

*Turno para el Gobierno, señora Canosa.*

**Señora Canosa Domínguez**

***Señora Canosa Domínguez***

Grazas, señora alcaldesa. Bo día a todos

*Gracias, señora alcaldesa. Buenos días a*

e a todas, tamén para as persoas que nos escoitan a través do *streaming*.

Señora Veira, agradezo que traia ó Pleno un tema de tal relevancia como é a accesibilidade universal, non só para as persoas con diversidade funcional, senón para todos e para todas.

Evidentemente, este concello non pode afrontar dunha soa vez obras de accesibilidade en 316 quilómetros de viario público. A diferencia do que se facía antes, o que si se fai no Goberno de Inés Rey é garantir e apostar pola accesibilidade en todas as obras que se executan en solo público. Saben que a maior parte dos proxectos correspondentes á segunda convocatoria dos fondos Next teñen unha mirada centrada nas persoas, na mellora da súa mobilidade e na promoción da autonomía persoal. Podemos dar múltiples exemplos: Adelaida Muro, Pintor Villar Chao ou o Oncolóxico, entre outros.

Só en paradas de autobús levamos reformadas 56 e outras 11 en axenda. Falan de prazas de aparcamento para persoas con mobilidade reducida. Na cidade xa saben que hai máis de 1.100 e na zona ORA case 200, o que supera todas as ratios segundo a normativa.

Saiban que no Servizo de Mobilidade do Concello se está procurando axilizar todo o posible os procesos de solicitude de estas prazas e tamén se está a facer unha revisión minuciosa daquelas prazas antigas e ou que non dispoñían dos rebaixes correspondentes, sen embargo, si se rebaixan todos os pasos de peóns e se semella nalgún caso que non se fai é porque primeiro se pintan a veces os pasos de peóns e despois se rebaixan, e se hai algún erro, se corrixe, pero sen dúbida se tenta de todas as maneiras cumprir a normativa.

*todos y a todas, también para las personas que nos escuchan a través de la retransmisión en directo.*

*Señora Veira, agradezco que traiga al Pleno un tema de tal relevancia como es la accesibilidad universal, no solo para las personas con diversidad funcional, sino para todos y para todas.*

*Evidentemente, este ayuntamiento no puede afrontar de una sola vez obras de accesibilidad en 316 kilómetros de viario público. A diferencia de lo que se hacía antes, lo que sí se hace en el Gobierno de Inés Rey es garantizar y apostar por la accesibilidad en todas las obras que se ejecutan en suelo público. Saben que la mayor parte de los proyectos correspondientes a la segunda convocatoria de los fondos Next tienen una mirada centrada en las personas, en la mejora de su movilidad y en la promoción de la autonomía personal. Podemos dar múltiples ejemplos: Adelaida Muro, Pintor Villar Chao o el Oncológico, entre otros.*

*Solo en paradas de autobús llevamos reformadas 56 y otras 11 en agenda. Hablan de plazas de aparcamiento para personas con movilidad reducida. En la ciudad ya saben que hay más de 1.100 y en la zona ORA casi 200, lo que supera todas las ratios según la normativa.*

*Sepan que en el Servicio de Movilidad del Ayuntamiento se está procurando agilizar todo lo posible los procesos de solicitud de estas plazas y también se está haciendo una revisión minuciosa de aquellas plazas antiguas y o que no disponían de los rebajes correspondientes, sin embargo, sí se rebajan todos los pasos de cebra y se parece en algún caso que no se hace es porque primero se pintan a veces los pasos de cebra y después se rebajan, y si hay algún error, se corrige, pero sin duda se intenta de todas maneras cumplir la normativa.*

Estamos de acordo no que din sobre a accesibilidade, que non se limita á mobilidade urbana ou á discapacidade física. Este goberno ten unha importante sensibilidade hacia outras formas de discapacidade noutros eidos, como o cultural e o deportivo. Se teñen desenvolvido accións para favorecer a participación en igualdade, por exemplo das persoas con discapacidade visual. Un exemplo diso é o "Proxecto escoita" que se puxo en marcha na cidade e agora se realiza tamén noutros puntos a nivel nacional.

*Estamos de acuerdo en lo que dicen sobre la accesibilidad, que no se limita a la movilidad urbana o a la discapacidad física. Este gobierno tiene una importante sensibilidad hacia otras formas de discapacidad en otros campos, como el cultural y el deportivo. Se han desarrollado acciones para favorecer la participación en igualdad, por ejemplo de las personas con discapacidad visual. Un ejemplo de eso es el "Proyecto escucha" que se puso en marcha en la ciudad y ahora se realiza también en otros puntos a nivel nacional.*

E falaba de persoas xordas, pero por primeira vez poden acudir soas ás oficinas de atención cidadá de María Pita. Esto non debería ser unha noticia, pero se debe a que este goberno puxo en marcha un sistema de videoconferencia a través do cal a persoa usuaria pode conectar cun intérprete de lingua de signos. Esto xa é unha realidade. A veces a innovación tecnolóxica permítenos eliminar este tipo de barreiras que non poden pasar desapercibidas. Ao igual acontece coas melloras dixitais nos semáforos, están deseñadas para mellorar a seguridade e a accesibilidade peonil, nunca ó revés.

*Y hablaba de personas sordas, pero por primera vez pueden acudir solas a las oficinas de atención ciudadana de María Pita. Esto no debería ser una noticia, pero se debe a que este gobierno puso en marcha un sistema de videoconferencia a través del cual la persona usuaria puede conectar con un intérprete de lengua de signos. Esto ya es una realidad. A veces la innovación tecnológica nos permite eliminar este tipo de barreras que no pueden pasar desapercibidas. Al igual sucede con las mejoras digitales en los semáforos, están diseñadas para mejorar la seguridad y la accesibilidad peatonal, nunca al revés.*

Pero queremos seguir traballando en accesibilidade universal, nos parques pensados para todos e para todas, tamén para os pequenos con trastorno do espectro do autismo, que non mencionan. Por primeira vez hai un goberno que está a deseñar parques inclusivos en todos os barrios, antes non os houbo.

*Pero queremos seguir trabajando en accesibilidad universal, en los parques pensados para todos y para todas, también para los pequeños con trastorno del espectro del autismo, que no mencionan. Por primera vez hay un gobierno que está diseñando parques inclusivos en todos los barrios, antes no los hubo.*

Debemos falar de infancia e non de discapacidade. Oxalá que o poidamos facer, pero en esencia entendemos e estamos de acordo coa proposta que plantexan desde o BNG, en calquera medida que redunde nunha cidade para todos e para todas, teñan a condición ou

*Debemos hablar de infancia y no de discapacidad. Ojalá que lo podamos hacer, pero en esencia entendemos y estamos de acuerdo con la propuesta que plantean desde el BNG, en cualquiera medida que redunde en una ciudad para todos y para todas, tengan la condición o*

a situación persoal ou vital que teñan, e votaremos a favor dun plan de accesibilidade e polo tanto a favor da súa moción.

*la situación personal o vital que tengan, y votaremos a favor de un plan de accesibilidad y por lo tanto a favor de su moción.*

Grazas.

*Gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señora Canosa.

*Muchas gracias, señora Canosa.*

Procedemos á votación, en primeiro lugar da emenda presentada polo Grupo do Partido Popular e de non prosperar votaríamos a moción.

*Procedemos a la votación, en primer lugar de la enmienda presentada por el Grupo del Partido Popular y de no prosperar votaríamos la moción.*

**Votación da emenda presentada polo Grupo municipal do Partido Popular á segunda moción do Bloque Nacionalista Galego**

***Votación de la enmienda presentada por el Grupo municipal del Partido Popular a la segunda moción del Bloque Nacionalista Galego***

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a emenda de substitución presentada polo Grupo municipal do Partido Popular á moción do Bloque Nacionalista Galego sobre accesibilidade universal, producíndose o seguinte resultado:

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la enmienda de sustitución presentada por el Grupo municipal del Partido Popular a la moción del Bloque Nacionalista Galego sobre accesibilidad universal, produciéndose el siguiente resultado:*

Vota a favor o Grupo municipal do Partido Popular (PP) (12 votos).

*Vota a favor el Grupo municipal del Partido Popular (PP) (12 votos).*

Vota en contra o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos).

*Vota en contra el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos).*

Vota en contra o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (4 votos).

*Vota en contra el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (4 votos).*

**Presidencia**

***Presidencia***

Grazas.

*Gracias.*

Queda rexeitada.

*Queda rechazada.*

**Votación da segunda moción presentada polo Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego**

***Votación de la segunda moción presentada por el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego***

Seguidamente pola Presidencia

*Seguidamente por la Presidencia se*

sométese a votación a segunda moción presentada polo Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego sobre accesibilidade universal, producíndose o seguinte resultado:

*somete a votación la segunda moción presentada por el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego sobre accesibilidad universal, produciéndose el siguiente resultado:*

Vota a favor o Grupo municipal do Partido Popular (PP) (12 votos).

*Vota a favor el Grupo municipal del Partido Popular (PP) (12 votos).*

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos).

*Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos).*

Vota a favor o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (4 votos).

*Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (4 votos).*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

Queda aprobada por unanimidade.

*Queda aprobada por unanimidad.*

**5. Moción do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego sobre accesibilidade universal.**

***5. Moción del Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego sobre accesibilidad universal.***

**Acordo**

***Acuerdo***

Instar o Goberno local a:

*Instar al Gobierno local a:*

1. Elaborar e traer a Pleno un Plan Municipal de Accesibilidade Universal durante o ano 2024.

*1. Elaborar y traer a Pleno un Plan Municipal de Accesibilidad Universal durante el año 2024.*

2. Facer un traballo intenso de participación cidadá para deseñar a diagnose e as medidas do Plan: asociacións de persoas con mobilidade reducida e discapacidade, tecido veciñal, deportivo, cultural, hostalaría, comercio local, etc.

*2. Hacer un trabajo intenso de participación ciudadana para diseñar la diagnosis y las medidas del Plan: asociaciones de personas con movilidad reducida y discapacidad, tejido vecinal, deportivo, cultural, hostelería, comercio local, etc.*

3. Introducir medidas específicas con liñas concretas de actuación en función da diagnose, un cronograma, un órgano de seguimento e medidas como liñas de subvencións para entidades ou pequenas e medianas empresas que precisen realizar obras ou contratar servizos e formación para garantir a accesibilidade

*3. Introducir medidas específicas con líneas concretas de actuación en función de la diagnosis, un cronograma, un órgano de seguimiento y medidas como líneas de subvenciones para entidades o pequeñas y medianas empresas que precisen realizar obras o contratar servicios y formación para garantizar la*

universal.

4. Corrixir os problemas de accesibilidade que xa son públicos, notorios e dependentes do Concello da Coruña como a ocupación inadecuada de prazas de aparcamento para persoas con mobilidade reducida, a falta de entradas para persoas con mobilidade reducida nos concertos do Coliseum, os problemas de accesibilidade do Pazo de María Pita ou os pasos de peóns sen rebaixar que existen na cidade.

**Terceira. Moción sobre mobilidade metropolitana.**

**<u>Presidencia</u>**

Terceira e última moción do Bloque Nacionalista Galego —non hai emendas— sobre mobilidade metropolitana.

Señora Veira.

**<u>Señora Veira González</u>**

Si. Non é a primeira vez que trae o Bloque Nacionalista Galego a este pleno propostas en materia de mobilidade metropolitana. É unha cuestión que consideramos fundamental á hora de tratar a mobilidade nesta cidade, especialmente porque a nosa cidade absorbe unha cantidade de poboación moi relevante da nosa área metropolitana que vén traballar, que vén, bueno, pois disfrutar, non?, tamén mesmo desta cidade e que nomeadamente o fai en vehículo privado e isto é un auténtico problema, é un problema a nivel persoal para esas persoas porque ten unha repercusión sobre as súas condicións de vida, pero tamén é un problema para o medio ambiente. É un problema porque ó final os vehículos privados sempre son moitísimo máis contaminantes en conxunto do que o é o transporte público.

*accesibilidad universal.*

*4. Corregir los problemas de accesibilidad que ya son públicos, notorios y dependientes del Ayuntamiento de A Coruña como la ocupación inadecuada de plazas de aparcamiento para personas con movilidad reducida, la falta de entradas para personas con movilidad reducida en los conciertos del Coliseum, los problemas de accesibilidad del Palacio de María Pita o los pasos de cebra sin rebajar que existen en la ciudad.*

***Tercera. Moción sobre movilidad metropolitana.***

***<u>Presidencia</u>***

*Tercera y última moción del Bloque Nacionalista Galego —no hay enmiendas— sobre movilidad metropolitana.*

*Señora Veira.*

***<u>Señora Veira González</u>***

*Sí. No es la primera vez que trae el Bloque Nacionalista Galego a este pleno propuestas en materia de movilidad metropolitana. Es una cuestión que consideramos fundamental a la hora de tratar la movilidad en esta ciudad, especialmente porque nuestra ciudad absorbe una cantidad de población muy relevante de nuestra área metropolitana que viene a trabajar, que viene, bueno, pues disfrutar, ¿no?, también incluso de esta ciudad y que fundamentalmente lo hace en vehículo privado y esto es un auténtico problema, es un problema a nivel personal para esas personas porque tiene una repercusión sobre sus condiciones de vida, pero también es un problema para el medio ambiente. Es un problema porque al final los vehículos privados siempre son muchísimo más contaminantes en conjunto del que lo es el transporte público.*

Nós cremos, desde o BNG, que os vindeiros anos poden ser fundamentais para que A Coruña experimente unha grande evolución no que ten a ver coa súa mobilidade, pero tamén pode ser un problema porque podemos seguir repetindo erros do pasado e reproducindo dinámicas do pasado que deberan estar desterradas. A Coruña vai sufrir nestes anos, pois diversas fitos, ou vai, van acontecer na Coruña distintos fitos, como é o remate da estación intermodal ou a ampliación da avenida da Vedra ou a ampliación da ponte da Pasaxe.

*Nosotros creemos, desde el BNG, que los próximos años pueden ser fundamentales para que A Coruña experimente una gran evolución en lo relativo a su movilidad, pero también puede ser un problema porque podemos seguir repitiendo errores del pasado y reproduciendo dinámicas del pasado que debieran estar desterradas. A Coruña va a sufrir en estos años, pues diversas hitos, o va, van a suceder en A Coruña distintos hitos, como es el remate de la estación intermodal o la ampliación de la avenida de A Vedra o la ampliación del puente de A Pasaxe.*

Doutra banda, tamén contamos co compromiso do Goberno do Estado para implementar o tren de proximidade na nosa área que se ten que concretar, ademais, nesta lexislatura, pero nesta área tamén temos outro reto, imos ter outro reto que vai ser fundamental, que é a mellora do funcionamento do autobús metropolitano interurbano. Os horarios, as frecuencias, os percorridos, están lonxe de seren os mellores e así nolo transmiten ó Bloque Nacionalista Galego os usuarios e as usuarias deste transporte, porque realmente os horarios, sinceramente, son moi incompatíbeis, pois coa vida, non? e mesmo cos horarios laborais de moitísima xente que vive nesta área metropolitana, non?

*Por otro lado, también contamos con el compromiso del Gobierno del Estado para implementar el tren de cercanías en nuestra área que se tiene que concretar, además, en esta legislatura, pero en esta área también tenemos otro reto, vamos a tener otro reto que va a ser fundamental, que es la mejora del funcionamiento del autobús metropolitano interurbano. Los horarios, las frecuencias, los recorridos, están lejos de ser los mejores y así nos lo transmiten al Bloque Nacionalista Galego los usuarios y las usuarias de este transporte, porque realmente los horarios, sinceramente, son muy incompatibles, pues con la vida, ¿no? y también con los horarios laborales de muchísima gente que vive en este área metropolitana, ¿no?*

O obxectivo fundamental que temos como área metropolitana e como cidade, como dicía ó comezo, é diminuír a entrada de vehículos privados na cidade e a dependencia tamén do vehículo privado para os nosos movementos diarios.

*El objetivo fundamental que tenemos como área metropolitana y como ciudad, como decía al comienzo, es disminuir la entrada de vehículos privados en la ciudad y la dependencia también del vehículo privado para nuestros movimientos diarios.*

Todos os expertos, todas as expertas apuntan a que a solución clave é a promoción do transporte público con liñas, frecuencias, horarios e prezos adecuados para a poboación e que lle

*Todos los expertos, todas las expertas apuntan a que la solución clave es la promoción del transporte público con líneas, frecuencias, horarios y precios adecuados para la población y que le*

permitan á poboación deixar o coche na casa. Pero tamén é fundamental que na nosa comarca poñamos en marcha un novo modelo de gobernanza da nosa mobilidade que permita atender as nosas propias circunstancias. Levamos, desde o Bloque Nacionalista Galego, moito tempo defendendo a creación do consorcio metropolitano de transporte, así que nesta moción o que facemos é instar o vindeiro goberno da Xunta de Galiza, que esperemos que sexa outro e temos o convencemento ademais de que vai haber un cambio decisivo neste 18 de febreiro, e polo tanto instamos a ese vindeiro goberno a que acorde con todos os concellos da comarca da Coruña esa posta en marcha do consorcio metropolitano de transporte, a responsabilizarse das competencias en materia de mobilidade ofrecendo un servizo de transporte por autobús con liñas, frecuencias, horarios e prezos adaptados ás necesidades da poboación da área metropolitana da Coruña e do conxunto do país e non ós intereses das empresas, e por suposto, tamén instamos nesta moción o Goberno do Estado a incluír nos proxectos de ampliación da avenida da Vedra e da ampliación da ponte Pasaxe a instalación de carrís VAO porque hai que premiar á xente que vai en autobús e a xente que vai en autobús non pode sufrir os mesmos atascos que sufren as persoas que van en vehículo privado.

*permitan a la población dejar el coche en casa. Pero también es fundamental que en nuestra comarca pongamos en marcha un nuevo modelo de gobernanza de nuestra movilidad que permita atender nuestras propias circunstancias. Llevamos, desde el Bloque Nacionalista Galego, mucho tiempo defendiendo la creación del consorcio metropolitano de transporte, así que en esta moción lo que hacemos es instar al próximo gobierno de la Xunta de Galicia, que esperemos que sea otro y tenemos el convencimiento además de que va a haber un cambio decisivo en este 18 de febrero, y por lo tanto instamos a ese próximo gobierno a que acuerde con todos los ayuntamientos de la comarca de A Coruña esa puesta en marcha del consorcio metropolitano de transporte, a responsabilizarse de las competencias en materia de movilidad ofreciendo un servicio de transporte por autobús con líneas, frecuencias, horarios y precios adaptados a las necesidades de la población del área metropolitana de A Coruña y del conjunto del país y no a los intereses de las empresas, y por supuesto, también instamos en esta moción al Gobierno del Estado a incluir en los proyectos de ampliación de la avenida de A Vedra y de la ampliación del puente Pasaxe la instalación de carriles VAO porque hay que premiar a la gente que va en autobús y la gente que va en autobús no puede sufrir los mismos atascos que sufren las personas que van en vehículo privado.*

Polo tanto, eses carrís VAO, eses carrís bus nestas vías son fundamentais, como tamén é fundamental que a Xunta de Galiza, dunha vez por todas, teña en conta **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** aquelas vías que son de acceso á cidade, como a Terceira Rolda, para que poda acceder o transporte metropolitano á nosa cidade por esas vías, e por suposto, instamos o Goberno do Estado a acelerar a implantación dos

*Por lo tanto, esos carriles VAO, esos carriles bus en estas vías son fundamentales, como también es fundamental que la Xunta de Galicia, de una vez por todas, tenga en cuenta* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *aquellas vías que son de acceso a la ciudad, como la Tercera Ronda, para que pueda acceder el transporte metropolitano a nuestra ciudad por esas vías, y por supuesto, instamos al Gobierno*

servizos do tren de proximidade na nosa área.

*del Estado a acelerar la implantación de los servicios del tren de cercanías en nuestra área.*

Todas estas cuestións serán fundamentais se queremos implementar outro modelo de mobilidade metropolitana na nosa cidade máis respectuosa co medio ambiente e máis adecuada á vida dos nosos veciños e das nosas veciñas.

*Todas estas cuestiones serán fundamentales si queremos implementar otro modelo de movilidad metropolitana en nuestra ciudad más respetuosa con el medio ambiente y más adecuada a la vida de nuestros vecinos y de nuestras vecinas.*

Nada máis.

*Nada más.*

**<u>Presidencia</u>**

***<u>Presidencia</u>***

Moitas grazas, señora Veira.

*Muchas gracias, señora Veira.*

Turno para o Partido Popular. Señor Amado.

*Turno para el Partido Popular. Señor Amado.*

**Ás dez horas e cincuenta e un minutos sae do Salón de Sesións o señor Jorquera Caselas.**

***A las diez horas y cincuenta y un minutos sale del Salón de Sesiones el señor Jorquera Caselas.***

***<u>Señor Amado de la Fuente</u>***

**<u>Señor Amado de la Fuente</u>**

*Bos días a todo o mundo.*

Buenos días a todo el mundo.

*Recordo a miña primeira intervención neste pleno, onde se me tachou de montaraz pola miña intervención, e teño que volver ser montaraz desgraciadamente, porque vexo que o trato que se ten a este grupo municipal fronte ao que se lle dá a outros grupos non me parece digno dunha presidencia como a que temos. Non é normal que a nós, ao meu compañeiro Roberto Coira, na primeira intervención que realizou nesta tempada cortóuselle aos tres segundos e permitiuse a un concelleiro doutro grupo político intervir máis de seis, sete minutos sobre un tema, falando de temas que non viñan ao asunto. Dito iso, empezo coa miña intervención, moitas grazas.*

Recuerdo mi primera intervención en este pleno, donde se me tildó de asilvestrado por mi intervención, y tengo que volver a ser asilvestrado desgraciadamente, porque veo que el trato que se tiene a este grupo municipal frente al que se le da a otros grupos no me parece digno de una presidencia como la que tenemos. No es normal que a nosotros, a mi compañero Roberto Coira, en la primera intervención que realizó en esta temporada se le cortó a los tres segundos y se ha permitido a un concejal de otro grupo político intervenir más de seis, siete minutos sobre un tema, hablando de temas que no venían al asunto. Dicho eso, empiezo con mi intervención, muchas gracias.

*De novo vén a este pleno unha moción sobre a mobilidade metropolitana, unha*

De nuevo viene a este pleno una moción sobre la movilidad metropolitana, una

*preocupación que moitos compartimos e sobre a que é preciso traballar desde todas as administracións, evitando as propostas baleiras de contido ou a excesiva carga ideolóxica que moitas veces invade un asunto tan importante.*

*A Coruña é unha cidade rodeada dun cinto metropolitano que converte a esta área no motor principal económico de Galicia. Por este motivo, a mobilidade metropolitana é un aspecto fundamental para xestionar adecuadamente a mobilidade en toda a nosa cidade. Resulta imprescindible involucrar aos concellos da área para lograr unha mobilidade máis sostible, máis sostible. Ata aquí creo que estamos todos de acordo.*

*Tamén imos estar de acordo en que cada administración debe traballar para lograr estes obxectivos no marco das súas competencias, o Estado mellorando as conexións ferroviarias de proximidade e as infraestruturas por estrada, a Xunta o referente ao servizo metropolitano de bus e o Concello como responsable do transporte urbano e da circulación na nosa cidade. Por iso, na nosa cidade é fundamental o funcionamento do transporte público para fomentar a mobilidade, o desenvolvemento comercial, a competitividade e a actividade económica, ademais de fomentar a equidade social e territorial.*

*Actualmente a maioría das cidades, e a nosa non foi unha excepción, comparten problemas relacionados coa circulación intensa, a conxestión, a contaminación do aire, etcétera. Á nosa cidade acceden miles de vehículos todos os días da área metropolitana, por iso é polo que é necesario realizar unha planificación efectiva do transporte con previsións a curto, medio e longo prazo, que conte con incentivos para promover un transporte público de calidade, o uso de*

preocupación que muchos compartimos y sobre la que es preciso trabajar desde todas las administraciones, evitando las propuestas vacías de contenido o la excesiva carga ideológica que muchas veces invade un asunto tan importante.

A Coruña es una ciudad rodeada de un cinturón metropolitano que convierte a esta área en el motor principal económico de Galicia. Por este motivo, la movilidad metropolitana es un aspecto fundamental para gestionar adecuadamente la movilidad en toda nuestra ciudad. Resulta imprescindible involucrar a los ayuntamientos del área para lograr una movilidad más sostenible, más sostenible. Hasta aquí creo que estamos todos de acuerdo.

También vamos a estar de acuerdo en que cada administración debe trabajar para lograr estos objetivos en el marco de sus competencias, el Estado mejorando las conexiones ferroviarias de cercanías y las infraestructuras por carretera, la Xunta lo referente al servicio metropolitano de bus y el Concello como responsable del transporte urbano y de la circulación en nuestra ciudad. Por eso, en nuestra ciudad es fundamental el funcionamiento del transporte público para fomentar la movilidad, el desarrollo comercial, la competitividad y la actividad económica, además de fomentar la equidad social y territorial.

Actualmente la mayoría de las ciudades, y la nuestra no ha sido una excepción, comparten problemas relacionados con la circulación intensa, la congestión, la contaminación del aire, etcétera. A nuestra ciudad acceden miles de vehículos todos los días del área metropolitana, de ahí que sea necesario realizar una planificación efectiva del transporte con previsiones a corto, medio y largo plazo, que cuente con incentivos para promover un transporte público de calidad, el uso de medios de

*medios de transporte alternativos, como a bicicleta ou os desprazamentos a pé, e a previsión de investimentos en infraestruturas de vehículos.*

*As solucións han de ser a medida, baseándose nun amplo consenso social e fixarse sempre metas cos ollos postos na situación local concreta. É a administración local a que debe desenvolver e poñer en práctica plans de transporte urbano sostible. Por iso cremos que a creación dun consorcio non é a solución máis adecuada na medida en que sería dotar dun novo merendeiro administrativo algo que funciona, como xa vén demostrando a Xunta de Galicia a través de dous dos seus plans, o Plan de Transporte Metropolitano que permite descontos importantes aos usuarios da área e ofrece a gratuidade dos seus servizos para os menores de 21 anos ou os maiores de 65, e o Plan de Accesibilidade, que permite chegar aos autobuses ao centro da nosa cidade, á parada de Entre Xardíns, por certo, parada que coñece moi ben a nosa alcaldesa, dona Inés Rey, e o seu candidato o señor Besteiro, por ser o lugar escollido para facer o ridículo coas declaracións que foron motivo de sanción por parte da Xunta Electoral. Se se dedicase a traballar, señora Rey, en solucionar os problemas de mobilidade na nosa cidade, non estariamos cun PMUS sen actualizar, cunha licitación do servizo municipal de transporte con atraso ou coa falta de aparcamentos en superficie que temos. Menos declaracións e máis traballo, por favor. Menos botarlle a culpa aos demais dos seus problemas e máis autoexixencia e responsabilidade no traballo.*

*Aínda hoxe seguimos sen ter un impulso decisivo por parte do Goberno central naquelas actuacións fundamentais para esta mobilidade metropolitana. En breves datas empezará, non sen*

transporte alternativos, como la bicicleta o los desplazamientos a pie, y la previsión de inversiones en infraestructuras de vehículos.

*duchas o aseos, razones por la que era necesario, cuando menos, resolver todas estas deficiencias. Sin embargo, más de tres meses después de la elección de Bens como playa canina el arenal sigue presentando un estado deplorable. Las fotos que ilustran este ruego reflejan los montones de basura recogidas por personas voluntarias a mediados del pasado mes de diciembre. Estas imágenes contradicen abiertamente el texto del rótulo situado en la entrada de la playa que dice: aquí podrás disfrutar de la arena y el mar con tu compañero peludo todo el año.*

Non vou ensinar as fotos para non consumir demasiado tempo, pero foi rexistrado o rogo e todo o mundo puido acceder a elas.

*No voy a enseñar las fotos para no consumir demasiado tiempo, pero fue registrado el ruego y todo el mundo pudo acceder a ellas.*

Polas razóns devanditas, o Grupo municipal do BNG formula o seguinte rogo: que o Goberno local dea as instrucións oportunas para asegurar a salubridade, limpeza e a seguridade da praia da cala de Bens así como para mellorar a súa accesibilidade e para a dotar dos servizos necesarios.

*Por dichas razones, el Grupo municipal del BNG formula el siguiente ruego: que el Gobierno local dé las instrucciones oportunas para asegurar la salubridad, limpieza y la seguridad de la playa de la cala de Bens así como para mejorar su accesibilidad y para dotarla de los servicios necesarios.*

**Terceiro. Rogo oral a respecto do proceso de licitación do novo contrato para a xestión da planta de tratamento de residuos de Nostián.**

***Tercero. Ruego oral respecto al proceso de licitación del nuevo contrato para la gestión de la planta de tratamiento de residuos de Nostián.***

E por último, terceiro rogo.

*Y por último, tercer ruego.*

O contrato de xestión da planta de tratamento de residuos de Nostián leva formalmente caducado desde o ano 2020. Desde entón, como é sabido, o proceso de licitación dun novo contrato foi pasando por un sen fin de atrancos onde o persoal que traballa na planta é un dos actores máis directamente afectados. As incertezas de todo o proceso no que ten a ver co futuro laboral das propias traballadoras e traballadores ten levado ó Comité de Empresa da planta de Nostián a solicitar senllos encontros co

*El contrato de gestión de la planta de tratamiento de residuos de Nostián lleva formalmente caducado desde el año 2020. Desde entonces, como es sabido, el proceso de licitación de un nuevo contrato fue pasando por un sin fin de atrancos donde el personal que trabaja en la planta es uno de los actores más directamente afectados. Las incertidumbres de todo el proceso en lo relativo al futuro laboral de las propias trabajadoras y trabajadores ha llevado al Comité de Empresa de la planta de Nostián a solicitar sendos*

Concelleiro de Economía e Planificación Urbana, responsábel tamén da área municipal de Contratación e coa concelleira de Medio Ambiente, sen que até o momento teñan obtido ningunha resposta a estas solicitudes. Dita falta de resposta non fai senón aumentar a incerteza e preocupación do persoal de Nostián.

Polas razóns devanditas, o Grupo Municipal do BNG formula o seguinte rogo: que coa máxima dilixencia posíbel o Goberno municipal, nomeadamente o concelleiro responsábel da área de Contratación e a concelleira responsábel da área de Medio Ambiente, atendan as solicitudes formuladas e se reúnan co Comité de Empresa da planta de Nostián coa disposición de o informar coa máxima transparencia sobre as previsións a respecto da tramitación do novo contrato.

Moitas grazas.

**Presidencia**

Remataron? Ben, moitas grazas.

Pode pasar.

**Ás doce horas e corenta e un minutos entra no Salón de Sesións o señor Deus Álvarez.**

**ROGOS ORAIS PRESENTADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR**

**Primeiro. Rogo oral relativo a accesibilidade do Concello da Coruña.**

**Presidencia**

Turno para o Partido Popular.

**Señora López Sánchez**

*encuentros con el Concejal de Economía y Planificación Urbana, responsable también del área municipal de Contratación y con la concejala de Medio Ambiente, sin que hasta el momento hayan obtenido ninguna respuesta a estas solicitudes. Dicha falta de respuesta no hace sino aumentar la incertidumbre y preocupación del personal de Nostián.*

*Por dichas razones, el Grupo Municipal del BNG formula el siguiente ruego: que con la máxima diligencia posible el Gobierno municipal, concretamente el concejal responsable del área de Contratación y la concejala responsable del área de Medio Ambiente, atiendan las solicitudes formuladas y se reúnan con el Comité de Empresa de la planta de Nostián con la disposición de informarlo con la máxima transparencia sobre las previsiones respecto a la tramitación del nuevo contrato.*

*Muchas gracias.*

***Presidencia***

*¿Acabaron? Bien, muchas gracias.*

*Puede pasar.*

***A las doce horas y cuarenta y un minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Deus Álvarez.***

***RUEGOS ORALES PRESENTADOS POR EL GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO POPULAR***

***Primero. Ruego oral relativo a accesibilidad del Ayuntamiento de A Coruña.***

***Presidencia***

*Turno para el Partido Popular.*

***Señora López Sánchez***

Desexaría non ter que repetir este rogo unha vez máis, pero posto que votaron en contra da nosa emenda á moción do BNG sobre accesibilidade universal no que é incluído este punto, véxome na obriga de facelo.

A implantación da accesibilidade xa non é unha cuestión que deba depender da maior ou menor voluntariedade. Nos últimos 30 anos produciuse unha evolución social, política, tecnolóxica e lexislativa que nos leva, máis alá da mellora da calidade de vida, a falar de garantía de dereitos e das persoas con discapacidade como suxeitos do dereitos.

O 4 de decembro de 2017 finou o tempo que outorgaba a Lei Xeral sobre os Dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social para facer accesibles todos os bens, produtos e servizos. As administracións públicas deberíamos ser as primeiras en dar exemplo, entre elas o concello da Coruña.

As persoas con discapacidade temos que estar presentes en todos os eidos da sociedade, máxime onde se toman as decisións, como é o eido da política.

En consecuencia, o Grupo municipal do Partido Popular realiza por quinta vez o seguinte rogo: dotar de accesibilidade universal o edificio do Concello incluíndo as dependencias adxudicadas aos diferentes grupos municipais e o cambio do elevador da entrada, que non permite o acceso a moitos usuarios de cadeiras de rodas automáticas debido ao seu tamaño, negándolle a entrada na casa de todos os coruñeses e as coruñesas a ditas persoas.

**Segundo. Rogo oral relativo a exemplaridade do primeiro tenente de alcaldesa do Concello da Coruña,**

*Desearía no tener que repetir este ruego una vez más, pero puesto que votaron en contra de nuestra enmienda a la moción del BNG sobre accesibilidad universal en el que es incluido este punto, me veo en la obligación de hacerlo.*

*La implantación de la accesibilidad ya no es una cuestión que deba depender de la mayor o menor voluntariedad. En los últimos 30 años se produjo una evolución social, política, tecnológica y legislativa que nos lleva, más allá de la mejora de la calidad de vida, a hablar de garantía de derechos y de las personas con discapacidad como sujetos del derechos.*

*El 4 de diciembre de 2017 se acabó el tiempo que otorgaba la Ley General sobre los Derechos de las personas con discapacidad y su inclusión social para hacer accesibles todos los bienes, productos y servicios. Las administraciones públicas deberíamos ser las primeras en dar ejemplo, entre ellas el ayuntamiento de A Coruña.*

*Las personas con discapacidad tenemos que estar presentes en todos los campos de la sociedad, máxime donde se toman las decisiones, como es el campo de la política.*

*En consecuencia, el Grupo municipal del Partido Popular realiza por quinta vez el siguiente ruego: dotar de accesibilidad universal el edificio del Ayuntamiento incluyendo las dependencias adjudicadas a los diferentes grupos municipales y el cambio del elevador de la entrada, que no permite el acceso a muchos usuarios de sillas de ruedas automáticas debido a su tamaño, negándole la entrada en la casa de todos los coruñeses y las coruñesas la dichas personas.*

***Segundo. Ruego oral relativo a ejemplaridad del primer teniente de alcaldesa del Ayuntamiento de A***

**responsable da área de Seguridade Cidadá e Mobilidade e voceiro do Grupo municipal, no cumprimento das normas.**

O primeiro tenente de alcaldesa do Concello da Coruña, responsable da área de Seguridade Cidadá e de Mobilidade, o voceiro do Goberno municipal, acudiu o pasado 20 de decembro a intervir nun acto cultural que se celebraba no auditorio da Domus e no canto de buscar un aparcamento como todo cidadán, decidiu saltar as normas de circulación e de paso o máis elemental sentido da ética e estacionou o seu vehículo nunha praza de estacionamento reservada para persoas con mobilidade reducida sen a necesaria tarxeta identificativa, en caso de posuíla.

En consecuencia, o Grupo municipal do Partido Popular realiza o seguinte rogo: que a alcaldesa esixa ao primer tenente de alcaldesa do Concello da Coruña, responsable da area de Seguridade Cidadá e Mobilidade, e voceiro do Goberno municipal, exemplaridade no cumprimento das normas como condición sine qua non para poder continuar no exercicio das súas funcións.

**Ás doce horas e corenta e tres minutos entra no Salón de Sesións o señor Lage Tuñas.**

Todos os concelleiros debemos de dar exemplo aos coruñeses de ética e cumprimento estrito das normas, máxime o responsable da área de Seguridade Cidadá e Mobilidade que é o que ten a responsabilidade de que os cidadáns cumpran as normas de circulación.

Os representantes municipais debemos amosar, ademais, unha especial sensibilidade para colectivos

***Coruña, responsable del área de Seguridad Ciudadana y Movilidad y portavoz del Grupo municipal, en el cumplimiento de las normas.***

*El primer teniente de alcaldesa del Ayuntamiento de A Coruña, responsable del área de Seguridad Ciudadana y de Movilidad, el portavoz del Gobierno municipal, acudió el pasado 20 de diciembre a intervenir en un acto cultural que se celebraba en el auditorio de la Domus y en vez de buscar un aparcamiento como todo ciudadano, decidió saltarse las normas de circulación y de paso el más elemental sentido de la ética y estacionó su vehículo en una plaza de estacionamiento reservada para personas con movilidad reducida sin la necesaria tarjeta identificativa, en caso de poseerla.*

*En consecuencia, el Grupo municipal del Partido Popular realiza el siguiente ruego: que la alcaldesa exija al primer teniente de alcaldesa del Ayuntamiento de A Coruña, responsable del área de Seguridad Ciudadana y Movilidad, y portavoz del Gobierno municipal, ejemplaridad en el cumplimiento de las normas como condición sine qua non para poder continuar en el ejercicio de sus funciones.*

***A las doce horas y cuarenta y tres minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Lage Tuñas.***

*Todos los concejales debemos de dar ejemplo a los coruñeses de ética y cumplimiento estricto de las normas, máxime el responsable del área de Seguridad Ciudadana y Movilidad que es el que tiene la responsabilidad de que los ciudadanos cumplan las normas de circulación.*

*Los representantes municipales debemos mostrar, además, una especial sensibilidad para colectivos*

especialmente vulnerables, neste caso as persoas con mobilidade reducida, de xeito que a igualdade de oportunidades ou a atención á diversidade non sexan só frases valeiras para declamar a modo de slogans no transcurso dalgúns actos, senón unha realidade na nosa cidade.

*especialmente vulnerables, en este caso las personas con movilidad reducida, de manera que la igualdad de oportunidades o la atención a la diversidad no sean solo frases vacías para declamar a modo de eslóganes en el transcurso de algunos actos, sino una realidad en nuestra ciudad.*

Máis nada. Moitas grazas.

*Más nada. Muchas gracias.*

**Terceiro. Rogo oral relativo á parada de Entrexardíns.**

***Tercero. Ruego oral relativo a la parada de Entrexardíns.***

**Señora Fontela Baró**

***Señora Fontela Baró***

Bo día a todos e a todas. Formulo un rogo relativo á parada de autobús interurbano de Entrexardíns.

*Buenos días a todos y a todas. Formulo un ruego relativo a la parada de autobús interurbano de Entrexardíns.*

O plan de accesibilidade do transporte interurbano ao centro urbano da Coruña aprobouse en 2017 pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda. Dentro de dito plan a Xunta de Galicia executou as obras para a adecuación e mellora da parada de autobuses de Entrexardíns e instalou unha marquesiña dobre coa súa conseguinte iluminación.

*El plan de accesibilidad del transporte interurbano al casco urbano de A Coruña se aprobó en 2017 por la Consellería de Infraestructuras y Vivienda. Dentro de dicho plan la Xunta de Galicia ejecutó las obras para la adecuación y mejora de la parada de autobuses de Entrexardíns e instaló una marquesina doble con su consiguiente iluminación.*

O Concello da Coruña ten a obriga de conservar, manter e iluminar a parada e as marquesiñas de Entrexardíns e comprobamos que na actualidade atópase nunhas condicións pouco adecuadas. Está habitualmente sucia e chea de papeles no chans.

*El Ayuntamiento de A Coruña tiene el deber de conservar, mantener e iluminar la parada y las marquesinas de Entrexardíns y comprobamos que en la actualidad se encuentra en unas condiciones poco adecuadas. Está habitualmente sucia y llena de papeles en el suelo.*

Fai tempo que unha das luminarias led dunha das marquesiñas está fundida sen que o Concello a repoña.

*Hace tiempo que una de las luminarias led de una de las marquesinas está fundida sin que el Ayuntamiento la reponga.*

Por todo elo, rogo ó Goberno local que cumpra coa súa obriga de mantemento da parada de autobús interurbano e as súas marquesiñas, repoñendo a iluminación led necesaria e velando pola súa limpeza diaria.

*Por todo ello, ruego al Gobierno local que cumpla con su deber de mantenimiento de la parada de autobús interurbano y sus marquesinas, reponiendo la iluminación led necesaria y velando por su limpieza diaria.*

**Cuarto. Rogo oral relativo ao transporte público municipal en Novo Mesoiro.**

*A continuación un rogo sobre o transporte urbano no barrio de Novo Mesoiro.*

*Este grupo municipal preguntou por escrito ao Goberno local no mes de novembro e de novo no mes de decembro polos problemas de transporte urbano que viña denunciando a Asociación de Veciños de Novo Mesoiro á que nos contestaron, literalmente, que as reclamacións veciñais están a abordarse nestes momentos, mellorando frecuencias e reforzando servizos, e que* nos primeiros días do curso académico houbo algúns desaxustes que foron detectados e solventados.

*A realidade é que a Asociación de Veciños de Novo Mesoiro continúa denunciando atrasos nas frecuencias por parte da concesionaria do servizo municipal, cifrando os do mes de decembro en 500 atrasos na liña de autobús urbano número 21.*

*Ante os datos que lles facilitamos e que xa obran no seu poder grazas aos escritos da Asociación de Veciños, rogo que o Goberno municipal realice as xestións necesarias ante a Compañía de Tranvías para que se proceda de maneira inmediata á mellora das frecuencias e os servizos no transporte público municipal ao barrio de Novo Mesoiro para evitar que se produzan de novo atrasos como os denunciados pola Asociación.*

Moitas grazas.

***Cuarto. Ruego oral relativo al transporte público municipal en Novo Mesoiro.***

A continuación un ruego sobre el transporte urbano en el barrio de Novo Mesoiro.

Este grupo municipal preguntó por escrito al Gobierno local en el mes de noviembre y de nuevo en el mes de diciembre por los problemas de transporte urbano que venía denunciando la Asociación de Vecinos de Novo Mesoiro a la que nos contestaron, literalmente, que las reclamaciones vecinales se están abordando en estos momentos, mejorando frecuencias y reforzando servicios, y que *en los primeros días del curso académico hubo algunos desajustes que fueron detectados y solventados.*

La realidad es que la Asociación de Vecinos de Novo Mesoiro continúa denunciando retrasos en las frecuencias por parte de la concesionaria del servicio municipal, cifrando los del mes de diciembre en 500 retrasos en la línea de autobús urbano número 21.

Ante los datos que les facilitamos y que ya obran en su poder gracias a los escritos de la Asociación de Vecinos, ruego que el Gobierno municipal realice las gestiones necesarias ante la Compañía de Tranvías para que se proceda de manera inmediata a la mejora de las frecuencias y los servicios en el transporte público municipal al barrio de Novo Mesoiro para evitar que se produzcan de nuevo retrasos como los denunciados por la Asociación.

*Muchas gracias.*

**Quinto. Rogo oral relativo á igrexa parroquial e cemiterio de San Cristovo das Viñas.**

***<u>Señora Catalán Morcillo</u>***

***Quinto. Ruego oral relativo a la iglesia parroquial y cementerio de San Cristovo das Viñas.***

**<u>Señora Catalán Morcillo</u>**

*Rogo oral relativo á igrexa parroquial e cemiterio de San Cristovo das Viñas.*

*A comunidade parroquial de San Cristovo das Viñas fainos chegar a solicitude de que melloren a sinalización do cemiterio e da igrexa de San Cristovo das Viñas debido aos problemas que xera a existente, ocasionando que xente se incorpore ao acceso da Zapateira desde avenida de Enrique Salgado Torres no canto de acceder ao vial de acceso ao devandito lugar.*

*Por todo iso rogo que o Goberno municipal, o máis axiña posible, proceda a mellorar a sinalización do cemiterio e da igrexa de San Cristovo das Viñas evitando confusións e situacións de perigo innecesarias.*

Ruego oral relativo a la iglesia parroquial y cementerio de San Cristovo das Viñas.

La comunidad parroquial de San Cristovo das Viñas nos hace llegar la solicitud de que mejoren la señalización del cementerio y de la iglesia de San Cristovo das Viñas debido a los problemas que genera la existente, ocasionando que gente se incorpore al acceso de la Zapateira desde avenida de Enrique Salgado Torres en vez de acceder al vial de acceso a dicho lugar.

Por todo ello ruego que el Gobierno municipal, a la mayor brevedad posible, proceda a mejorar la señalización del cementerio y de la iglesia de San Cristovo das Viñas evitando confusiones y situaciones de peligro innecesarias.

**Sexto. Rogo oral relativo ao rebaixe de beirarrúas en ambos os lados do paso de peóns fronte á nova igrexa de San Cristovo das Viñas.**

*Rogo oral relativo ao rebaixe de beirarrúas en ambos os lados do paso de peóns situado fronte á igrexa de San Cristovo das Viñas na estrada DP-612.*

*Son varias as queixas relativas á ausencia do rebaixe nas beirarrúas de ambos os lados do paso de peóns sito nesta estrada, fronte á nova igrexa de San Cristovo das Viñas, o que dificulta a accesibilidade de persoas en cadeira de rodas ou as cadeiras de bebé, sobre todo na marxe da igrexa, onde hai colocadas barras de protección para evitar estacionamentos indebidos.*

*Por iso rogo que se proceda á obra de rebaixe de ambas as marxes da vía para favorecer a accesibilidade de persoas con mobilidade reducida ou nula.*

***Sexto. Ruego oral relativo al rebaje de aceras en ambos lados del paso de peatones frente a la nueva iglesia de San Cristovo das Viñas.***

Ruego oral relativo al rebaje de aceras en ambos lados del paso de peatones situado frente a la iglesia de San Cristovo das Viñas en la carretera DP-612.

Son varias las quejas relativas a la ausencia del rebaje en las aceras de ambos lados del paso de peatones sito en esta carretera, frente a la nueva iglesia de San Cristovo das Viñas, lo que dificulta la accesibilidad de personas en silla de ruedas o las sillas de bebé, sobre todo en el margen de la iglesia, donde hay colocadas barras de protección para evitar estacionamientos indebidos.

Por ello ruego que se proceda a la obra de rebaje de ambos márgenes de la vía para favorecer la accesibilidad de personas con movilidad reducida o nula.

**Sétimo. Rogo oral relativo ao recoñecemento do traballo da Policía**

***Séptimo. Ruego oral relativo al reconocimiento del trabajo de la Policía***

**Local na reanimación cardiopulmonar os días 28 e 29 de decembro.**

*Rogo oral sobre o recoñecemento do traballo da Policía Local na RCP realizada os días 28 e 29 de decembro.*

*O pasado 28 de decembro pola mañá, unha persoa indisposta entrou en parada cardíaca na avenida de Alfonso Molina e logrou saír adiante grazas á firme e rápida intervención de varios axentes da Policía Local, que chegaron ao lugar e iniciaron as tarefas de RCP ata a chegada de 061.*

*O día 29 de decembro, en circunstancias similares, outra persoa perdeu o coñecemento na rúa Juan Flórez, activándose de novo os servizos de emerxencia, sendo a Policía Local quen comezou os labores de reanimación.*

*Desde o Grupo Popular expresamos o noso máximo recoñecemento a estes axentes e a todos aqueles que levan a cabo intervencións loables e que por razóns que descoñecemos moitas veces quedan silenciadas ou non se difunden publicamente.*

*Por todo iso, rogo que dea o merecido recoñecemento aos axentes intervenientes na reanimación dos días 28 e 29 de decembro; que sexan recoñecidas igualmente todas e cada unha das intervencións similares levadas a cabo polos axentes da Policía Local a través dos leitos establecidos no Título VII do Regulamento de Organización e Funcionamento e no Regulamento de Honras e Distincións do Corpo; e terceiro, que un axente de referencia traslade publicamente a información máis relevante e, sobre todo, as intervencións meritorias dos axentes, corrixindo ou rectificando, en caso necesario.*

***Local en la reanimación cardiopulmonar los días 28 y 29 de diciembre.***

Ruego oral sobre el reconocimiento del trabajo de la Policía Local en la RCP realizada los días 28 y 29 de diciembre.

El pasado 28 de diciembre por la mañana, una persona indispuesta entró en parada cardíaca en la avenida de Alfonso Molina y logró salir adelante gracias a la firme y rápida intervención de varios agentes de la Policía Local, que llegaron al lugar e iniciaron las tareas de RCP hasta la llegada de 061.

El día 29 de diciembre, en circunstancias similares, otra persona perdió el conocimiento en la calle Juan Flórez, activándose de nuevo los servicios de emergencia, siendo la Policía Local quien comenzó las labores de reanimación.

Desde el Grupo Popular expresamos nuestro máximo reconocimiento a estos agentes y a todos aquellos que llevan a cabo intervenciones loables y que por razones que desconocemos muchas veces quedan silenciadas o no se difunden públicamente.

Por todo ello, ruego que dé el merecido reconocimiento a los agentes intervinientes en la reanimación de los días 28 y 29 de diciembre; que sean reconocidas igualmente todas y cada una de las intervenciones similares llevadas a cabo por los agentes de la Policía Local a través de los cauces establecidos en el Título VII del Reglamento de Organización y Funcionamiento y en el Reglamento de Honras y Distinciones del Cuerpo; y tercero, que un agente de referencia traslade públicamente la información más relevante y, sobre todo, las intervenciones meritorias de los agentes, corrigiendo o rectificando, en caso necesario.

**Oitavo. Rogo oral relativo ao estado dos vehículos policiais.**

*E por último, rogo oral relativo ao estado dos vehículos policiais.*

*No Pleno anterior, desde a Concellería de Seguridade Cidadá contestaron á pregunta escrita formulada polo Grupo Popular municipal sobre os recursos materiais e técnicos da Policía Local no relativo aos vehículos policiais e o seu estado, que na actualidade, como contestan, a Policía Local conta cun total de 85 vehículos, lembrando que o orzamento para 2024 incorpora unha partida para a compra de máis vehículos. Na mencionada partida, dun total de 54.000 € para a compra de motos e bicicletas eléctricas nada se sabe.*

*Por todo iso, e en vista do estado deplorable dalgúns vehículos, dos que achegamos algunha foto, rógase que a pola propia seguridade dos axentes, se determine cantos vehículos da frota actual non están en condicións de ser utilizados e que todos os vehículos que non estean nesas condicións de ser reparados ou de ser utilizados para continuar en activo con todas as garantías mecánicas sexan retirados e substituídos, se é posible, mediante os instrumentos financeiros que estean contratados para o servizo de policía.*

*Moitas grazas.*

***Octavo. Ruego oral relativo al estado de los vehículos policiales.***

Y por último, ruego oral relativo al estado de los vehículos policiales.

En el Pleno anterior, desde la Concejalía de Seguridad Ciudadana contestaron a la pregunta escrita formulada por el Grupo Popular municipal sobre los recursos materiales y técnicos de la Policía Local en lo relativo a los vehículos policiales y su estado, que en la actualidad, como contestan, la Policía Local cuenta con un total de 85 vehículos, recordando que el presupuesto para 2024 incorpora una partida para la compra de más vehículos. En dicha partida, de un total de 54.000 € para la compra de motos y bicicletas eléctricas nada se sabe.

Por todo ello, y en vista del estado deplorable de algunos vehículos, de los que hemos adjuntado alguna foto, se ruega que la por la propia seguridad de los agentes, se determine cuántos vehículos de la flota actual no están en condiciones de ser utilizados y que todos los vehículos que no estén en esas condiciones de ser reparados o de ser utilizados para continuar en activo con todas las garantías mecánicas sean retirados y sustituidos, a ser posible, mediante los instrumentos financieros que estén contratados para el servicio de policía.

Muchas gracias.

**Noveno. Rogo oral relativo á conmemoración do segundo centenario do Eusebio da Garda.**

***<u>Señor Mora do Campo</u>***

*Moitas grazas.*

*No mes de agosto conmemorarase o segundo centenario do nacemento na nosa cidade de Eusebio da Garda*

***Noveno. Ruego oral relativo a la conmemoración del segundo centenario del Eusebio da Guarda.***

**<u>Señor Mora do Campo</u>**

Muchas gracias.

En el mes de agosto se conmemorará el segundo centenario del nacimiento en nuestra ciudad de Eusebio da Guarda

*González, seguramente un dos principais filántropos da nosa cidade.*

*A mesma tarde na que falece, no seu propio domicilio da rúa Real, o entón Concello coruñés reúnese en Pleno e o seu alcalde-presidente dá conta á Corporación do falecemento deste ilustre veciño e do deber dos coruñeses de tributar á súa memoria a homenaxe de gratitude, agarimo e respecto que se merece, polos beneficios que tan xenerosamente dispensoulle á cidade.*

*Boa parte do patrimonio que logra xunto coa súa muller, a tamén ilustre Modesta Goicouría, destínaa á filantropía, contribuíndo á construción do Instituto de segundo ensino e do Grupo Escolar que tamén leva o seu nome, levantados no antigo solar do Caramanchón, hoxe praza de Pontevedra. Contribúe coa reedificación e decoración da capela de San Andrés, onde sete anos despois foi enterrado seguindo o seu desexo e xunto á súa esposa, contribuíndo ao levantamento do mercado de abastos que leva o seu nome, situado na praza de Lugo e asumindo os gastos da fonte do Desexo na Cidade Alta, que non contou con fonte algunha ata finais do século XIX.*

*En consecuencia, o Grupo municipal do Partido Popular realiza o rogo de que o Concello da Coruña deseñe, planifique e execute un programa de actividades para a conmemoración do bicentenario de Eusebio da Garda acorde coa súa relevancia e impacto na nosa cidade.*

González, seguramente uno de los principales filántropos de nuestra ciudad.

La misma tarde en la que fallece, en su propio domicilio de la calle Real, el entonces Concejo coruñés se reúne en Pleno y su alcalde-presidente da cuenta a la Corporación del fallecimiento de este ilustre vecino y del deber de los coruñeses de tributar a su memoria el homenaje de gratitud, cariño y respeto que se merece, por los beneficios que tan generosamente le ha dispensado a la ciudad.

Buena parte del patrimonio que logra junto con su mujer, la también ilustre Modesta Goicouría, la destina a la filantropía, contribuyendo a la construcción del Instituto de segunda enseñanza y del Grupo Escolar que también lleva su nombre, levantados en el antiguo solar del Caramanchón, hoy plaza de Pontevedra. Contribuye con la reedificación y decoración de la capilla de San Andrés, donde siete años después fue enterrado siguiendo su deseo y junto a su esposa, contribuyendo al levantamiento del mercado de abastos que lleva su nombre, situado en la plaza de Lugo y asumiendo los gastos de la fuente del Deseo en la Ciudad Alta, que no contó con fuente alguna hasta finales del siglo XIX.

En consecuencia, el Grupo municipal del Partido Popular realiza el ruego de que el Ayuntamiento de A Coruña diseñe, planifique y ejecute un programa de actividades para la conmemoración del bicentenario de Eusebio da Guarda acorde con su relevancia e impacto en nuestra ciudad.

**Décimo. Rogo oral relativo ao mantemento do CEIP Anxo da Garda.**

*Seguinte rogo.*

*Un centro educativo é un edificio referencia do saber e da aprendizaxe. Os nosos nenos e adolescentes aprenden,*

***Décimo. Ruego oral relativo al mantenimiento del CEIP Anxo da Garda.***

Siguiente ruego.

Un centro educativo es un edificio referencia del saber y del aprendizaje. Nuestros niños y adolescentes aprenden,

*fórmanse e enriquecen en valores (...) da man de profesionais que dedican a súa vida ao ensino e preparación destas persoas para enfrontarse ao futuro. Para cumprir con todo isto é indispensable facelo nas mellores condicións posibles. Gran parte desta responsabilidade tena o Concello como responsable do mantemento destes edificios.*

se forman y enriquecen en valores (...) de la mano de profesionales que dedican su vida a la enseñanza y preparación de estas personas para enfrentarse al futuro. Para cumplir con todo esto es indispensable hacerlo en las mejores condiciones posibles. Gran parte de esta responsabilidad la tiene el Ayuntamiento como responsable del mantenimiento de estos edificios.

*Unha vez máis, coincidindo coa volta ás aulas, atopámonos con que a situación de varios dos centros educativos non é a óptima, nin sequera a necesaria.*

Una vez más, coincidiendo con la vuelta a las aulas, nos encontramos con que la situación de varios de los centros educativos no es la óptima, ni siquiera la necesaria.

*O CEIP Anxo da Garda aparecía este luns, 8 de xaneiro, co patio sucio e con restos de pombas e así estivo durante tres días de actividade escolar. Ademais, como xa denunciamos no mes de setembro, hai varias deficiencias no centro: o salón de actos está infestado de avelaíña e o escenario ten o frontal desmontado; as aulas presentan humidades e están pendentes de pintar; hai baños inutilizados desde marzo e a porta de entrada está estragada. En xeral, a comunidade educativa quéixase do mantemento xeral da fontanería, a electricidade e a limpeza.*

El CEIP Anxo da Guarda aparecía este lunes, 8 de enero, con el patio sucio y con restos de palomas y así ha estado durante tres días de actividad escolar. Además, como ya denunciamos en el mes de septiembre, hay varias deficiencias en el centro: el salón de actos está plagado de polilla y el escenario tiene el frontal desmontado; las aulas presentan humedades y están pendientes de pintar; hay baños inutilizados desde marzo y la puerta de entrada está estropeada. En general, la comunidad educativa se queja del mantenimiento general de la fontanería, la electricidad y la limpieza.

*En consecuencia rogamos ao Concello acometer de maneira inmediata un plan de traballo para emendar as deficiencias que mostra o CEIP Anxo da Garda.*

En consecuencia rogamos al Ayuntamiento acometer de manera inmediata un plan de trabajo para subsanar las deficiencias que muestra el CEIP Anxo da Garda.

**Décimo primeiro. Rogo oral sobre a beirarrúa da avenida de Nova York.**

***Décimo primero. Ruego oral sobre la acera de la avenida de Nueva York.***

*Doutra banda, o mantemento dos centros educativos, como saben e acabo de reiterar, é competencia municipal e non é unha prioridade deste goberno, como o vemos na execución orzamentaria, e tamén denunciamos neste pleno o abandono das infraestruturas dos barrios, que é un*

Por otro lado, el mantenimiento de los centros educativos, como saben y acabo de reiterar, es competencia municipal y no es una prioridad de este gobierno, como lo vemos en la ejecución presupuestaria, y también hemos denunciado en este pleno el abandono de las infraestructuras de los barrios, que es un hecho constatado por las

*feito constatado polas asociacións de veciños.*

*Nesta ocasión, no rogo ao que me remito, ao tratarse dunha contorna próxima a un colexio o problema é dobre.*

*Como pode observarse na primeira das fotografías adxunta ao rogo presentado, o estado das beirarrúas da avenida de Nova York, á altura do colexio das Jesuitinas, é moi deficiente. Ao longo dela atopámonos con máis dunha focha que ademais de supoñer unha deterioración en si dunha infraestrutura municipal, constitúe un perigo engadido para os veciños da Zapateira e máis en concreto para os membros da comunidade educativa do centro educativo situado alí.*

*Se isto reitera a nosa denuncia da falta de mantemento e planificación, se observan a segunda foto achegada, feita 36 días despois, o que podemos concluír é que a solución aos problemas son tres conos e unha cinta.*

*En consecuencia, este grupo municipal roga ao Concello que proceda á reparación do asfaltado da avenida de Nova York co fin de mellorar o seu estado e en consecuencia a seguridade dos veciños da Zapateira e a comunidade educativa do colexio Jesuitinas.*

*Moitas grazas.*

**Décimo segundo. Rogo oral relativo á iluminación do Campo de Marte.**

<u>**Señor San Claudio Yáñez**</u>

Rogo oral relativo á iluminación do Campo de Marte.

Os veciños e comerciantes de Monte Alto levan anos demandando a mellora

asociaciones de vecinos.

En esta ocasión, en el ruego al que me remito, al tratarse de un entorno próximo a un colegio el problema es doble.

Como puede observarse en la primera de las fotografías adjunta al ruego presentado, el estado de las aceras de la avenida de Nueva York, a la altura del colegio de las Jesuitinas, es muy deficiente. A lo largo de ella nos encontramos con más de un socavón que además de suponer un deterioro en sí de una infraestructura municipal, constituye un peligro añadido para los vecinos de la Zapateira y más en concreto para los miembros de la comunidad educativa del centro educativo ubicado allí.

Si esto reitera nuestra denuncia de la falta de mantenimiento y planificación, si observan la segunda foto adjuntada, hecha 36 días después, lo que podemos concluir es que la solución a los problemas son tres conos y una cinta.

En consecuencia, este grupo municipal ruega al Ayuntamiento que proceda a la reparación del asfaltado de la avenida de Nueva York con el fin de mejorar su estado y en consecuencia la seguridad de los vecinos de la Zapateira y la comunidad educativa del colegio Jesuitinas.

Muchas gracias.

***Décimo segundo. Ruego oral relativo a la iluminación del Campo de Marte.***

<u>***Señor San Claudio Yáñez***</u>

*Ruego oral relativo a la iluminación del Campo de Marte.*

*Los vecinos y comerciantes de Monte Alto llevan años demandando la mejora en la*

na iluminación do Campo de Marte. Durante o día este pulmón verde atópase moi concurrido, sendo unha zona de paso moi transitada, mentres que á noite a zona vólvese moi escura sendo preferible o tránsito polas rúas contiguas. A situación agrávase no tramo que percorre a parte traseira do colexio Curros Enríquez e a Escola Municipal de Música, onde a densidade das árbores impide unha iluminación adecuada desde os farois situados máis dentro do parque.

*iluminación del Campo de Marte. Durante el día este pulmón verde se encuentra muy concurrido, siendo una zona de paso muy transitada, mientras que por la noche la zona se vuelve muy oscura siendo preferible el tránsito por las calles contiguas. La situación se agrava en el tramo que recorre la parte trasera del colegio Curros Enríquez y la Escuela Municipal de Música, donde la densidad de los árboles impide una iluminación adecuada desde las farolas situadas más dentro del parque.*

En consecuencia o Grupo municipal do Partido Popular realiza o seguinte rogo: que se proceda a mellorar a iluminación do Campo de Marte, así como á colocación de novos puntos de luz para dar solución ás demandas de veciños e comerciantes.

*En consecuencia el Grupo municipal del Partido Popular realiza el siguiente ruego: que se proceda a mejorar la iluminación del Campo de Marte, así como a la colocación de nuevos puntos de luz para dar solución a las demandas de vecinos y comerciantes.*

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

**Décimo terceiro. Rogo oral relativo ao edificio sito na praza de Pontevedra, 5.**

***Décimo tercero. Ruego oral relativo al edificio sito en la plaza de Pontevedra, 5.***

***<u>Señora No Varela</u>***

**<u>Señora No Varela</u>**

*Bos días.*

Buenos días.

*O Grupo municipal Popular formula o seguinte rogo oral relativo á estada do edificio sito na praza de Pontevedra número 5.*

El Grupo municipal Popular formula el siguiente ruego oral relativo al andamio del edificio sito en la plaza de Pontevedra número 5.

**Ás doce horas e cincuenta e seis minutos sae do Salón de Sesións o señor Soto Díaz.**

***A las doce horas y cincuenta y seis minutos sale del Salón de Sesiones el señor Soto Díaz.***

*Na contorna da praza de Pontevedra móvense diariamente multitude de persoas e á altura do número 5 existe unha estada que supostamente ampara a caída de cascotes dun edificio antigo. Por todo iso rogamos que se inspeccione o edificio sito en praza Pontevedra número 5 para evitar que se produzan desprendementos, que poden supoñer un perigo para os viandantes, e se inste á*

En el entorno de la plaza de Pontevedra se mueven diariamente multitud de personas y a la altura del número 5 existe un andamio que supuestamente ampara la caída de cascotes de un edificio antiguo. Por todo ello rogamos que se inspeccione el edificio sito en plaza Pontevedra número 5 para evitar que se produzcan desprendimientos, que pueden suponer un peligro para los viandantes, y se inste a su

*súa pronta rehabilitación para que poida ser retirado esta estada que entorpece o paso e incomoda aos peóns e aos locais comerciais da contorna.*

pronta rehabilitación para que pueda ser retirado este andamio que entorpece el paso e incomoda a los peatones y a los locales comerciales del entorno.

**Décimo cuarto. Rogo oral relativo á recollida de cartóns e lixo nas zonas comerciais.**

***Décimo cuarto. Ruego oral relativo a la recogida de cartones y basura en las zonas comerciales.***

*O Grupo municipal Popular formula o seguinte rogo oral relativo á recollida de cartóns e lixos nas zonas comerciais.*

El Grupo municipal Popular formula el siguiente ruego oral relativo a la recogida de cartones y basuras en las zonas comerciales.

*Este luns pasado pola mañá, posterior ao día de Reis Magos e ao comezo das rebaixas, as rúas da nosa cidade tiñan os contedores excedendo de cartóns e lixo, interceptando o paso en beirarrúas e mostrando unha imaxe deplorable de deixamento, sucidade e por iso rogamos que se proceda ao baleirado dos contedores coa asiduidade necesaria, é dicir, que se recollan máis a miúdo sobre todo tras determinados acontecementos para evitar que se produzan estas aglomeracións de lixo, cartóns e desperdicios que ocupan parte das beirarrúas interceptando o paso dos peóns e acceso a comercios, danando a imaxe das nosas rúas das zonas comerciais e por tanto danando a imaxe da nosa cidade.*

Este lunes pasado por la mañana, posterior al día de Reyes Magos y al inicio de las rebajas, las calles de nuestra ciudad tenían los contenedores rebosando de cartones y basura, interceptando el paso en aceras y mostrando una imagen deplorable de dejadez, suciedad y por ello rogamos que se proceda al vaciado de los contenedores con la asiduidad necesaria, es decir, que se recojan más a menudo sobre todo tras determinados acontecimientos para evitar que se produzcan estas aglomeraciones de basura, cartones y desperdicios que ocupan parte de las aceras interceptando el paso de los peatones y acceso a comercios, dañando la imagen de nuestras calles de las zonas comerciales y por lo tanto dañando la imagen de nuestra ciudad.

*Moitas grazas.*

Muchas gracias.

**Décimo quinto. Rogo oral relativo á poda de árbores na praza do Campo de Artillería.**

***Décimo quinto. Ruego oral relativo a la poda de árboles en la plaza del Campo de Artillería.***

***<u>Señor Amado de la Fuente</u>***

**<u>Señor Amado de la Fuente</u>**

*A data do 17 de decembro do 2023 non se podaron as árbores da praza do Campo de Artillería, como se pode observar nas fotos. Este escrito foi emitido o día 18, podemos dicir que o Goberno pois si o executou e agradécese que o fixeran. Esa é a de area.*

A fecha de 17 de diciembre del 2023 no se han podado los árboles de la plaza del Campo de Artillería, como se puede observar en las fotos. Este escrito fue emitido el día 18, podemos decir que el Gobierno pues sí lo ha ejecutado y se agradece que lo hayan hecho. Esa es la de arena.

*Agora a de cal. Rogaríalles que a axenda, cando se cumpre e comprométense a asistir a actos, acudan.*

Ahora la de cal. Les rogaría que la agenda, cuando se cumple y se comprometen a asistir a actos, acudan.

*Non é o Partido Popular o que dicía que se mesturan as fraccións, é o Comité de Empresa de Albada nun acto público ao cal estaban convidados, o que dixo este feito. Pode confirmalo o señor Jorquera, que estaba a me acompañar.*

No es el Partido Popular el que decía que se mezclan las fracciones, es el Comité de Empresa de Albada en un acto público al cual estaban invitados, el que dijo este hecho. Puede cerciorarlo el señor Jorquera, que estaba acompañándome.

*Moitas grazas.*

Muchas gracias.

**Presidencia**

***Presidencia***

Ben, pois moitas grazas.

*Bien, pues muchas gracias.*

Ata aquí o contido do Pleno ordinario.

*Hasta aquí el contenido del Pleno ordinario.*

Ó non haber máis asuntos que tratar, e ás doce horas e cincuenta e nove minutos, a Presidencia remata a sesión, e redáctase a presente acta que asinan e autorizan a Alcaldía Presidencia e o secretario xeral; todo elo consonte co disposto no artigo 110.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

*No habiendo más asuntos que tratar, a las doce horas y cincuenta y nueve minutos, la Presidencia levanta la sesión, y se redacta la presente acta que firman y autorizan la Alcaldía Presidencia y el secretario general; todo ello de conformidad con lo dispuesto en el artículo 110.2 del Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de organización, funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales.*